

Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social

Versión de '23-12-2019' a '27-12-2022'

MODIFICACIÓNS

Lei 7/2019, do 23 de decembro

Artigo 28 apartado 1 nova redacción por artigo 28 apartado un.

Artigo 39 apartado 4 nova redacción por artigo 28 apartado un.

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de servizos sociais segundo o disposto no artigo 27.23 do seu Estatuto de autonomía.

En virtude desa atribución de competencias, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, que estableceu unha serie de medidas orientadas á loita contra a pobreza na Comunidade Autónoma e á reinserción social e /ou laboral das persoas afectadas polas diferentes formas de exclusión e marxinación social.

Os principais programas creados pola dita lei para os fins citados foron a renda de integración social de Galicia (Risga) e as axudas para situación de emerxencia social (Aes).

Neste contexto, e transcorridos varios anos de aplicación da lei, nos cales se efectuou un continuo seguimento e avaliación dos mencionados programas establecidos nela, tanto desde o punto de vista da xestión e da implantación das prestacións como do perfil das persoas beneficiarias, considerouse procedente a súa modificación a través da Lei 1/1999, do 5 de febreiro, co fin de acadar a súa mellor adecuación aos fins propostos, e posteriormente a través da Lei 16/2004, do 29 de decembro, que abordou unha segunda modificación legislativa, reforzando os aspectos integradores desta política de renda mínima, co fin de acadar unha protección social máis favorable ao emprego.

Doutra banda, a avaliación continua realizada pola Mesa Autonómica de Seguimento e Avaliación da Risga, polas persoas expertas que forman parte das unidades técnico-administrativas de apoio ao órgano de resolución, polos servizos sociais comunitarios básicos, polos equipos técnicos do plan de inclusión, e tamén por outros grupos de traballo constituídos a partir da posta en marcha do segundo Plan de inclusión social de Galicia, deu



lugar ás primeiras propostas dunha nova reforma, partindo dos perfís específicos das persoas beneficiarias de longa e curta percepción.

Tamén co obxectivo da mellora no eido dos servizos sociais, seguidamente desenvolveuse o Sistema galego de servizos sociais, que ten como norma marco a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, cuxa disposición derradeira primeira, no seo dos acordos acadados no marco do diálogo social, incorporou o compromiso de revisar novamente a normativa da renda de integración social de Galicia (Risga).

E continuando co diálogo social desenvolvido na Comunidade Autónoma galega pactáronse as bases para unha nova lei de inclusión social de Galicia, que deu lugar á aprobación polo Parlamento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, a cal regula unha nova renda de inclusión social de Galicia (Risga) e tamén unhas novas axudas de inclusión social (Ais).

Coa finalidade de cumprir co obxectivo legislativo de interese xeral consistente en facilitar e axilizar a tramitación dos procedementos administrativos de execución dos programas, afróntase, por primeira vez, a elaboración dunha disposición regulamentaria única, que desenvolve tanto o programa da renda de inclusión social de Galicia como o das axudas de inclusión social, como instrumento máis axeitado para garantir os principios de necesidade e eficacia.

Cómpre sinalar que o texto da Lei de inclusión social de Galicia ofrece unha regulación minuciosa e aborda exhaustivamente aspectos concretos do seu contido, chegando a presentar, en ocasións, unha óptica bastante regulamentaria, sobre todo no relativo á regulación da tramitación.

Unha das principais novidades que comporta esta norma é a regulación dos tramos de inserción e transición ao emprego da Risga, que, de acordo co establecido na disposición derradeira segunda da Lei 10/2013, entrarán en vigor no momento da publicación do decreto. Estes dous tramos teñen como obxectivo estimular e acompañar os perceptores no acceso a un emprego, permitindo ofrecer un apoio económico e técnico personalizado de cara á inserción no mercado de traballo.

Así mesmo, e unha vez transcorridos varios anos desde a entrada en vigor da Lei 10/2013, a elaboración do decreto permite introducir determinadas melloras que permitirán corrixir aqueles aspectos que estaban a dificultar a consecución dos obxectivos, así como dar cobertura a un número maior de perceptores. Neste senso, pódese destacar a posibilidade de acceder á Risga sen atoparse necesariamente en desemprego, ou a flexibilización dos requisitos relativos ao domicilio de residencia, de tal xeito que se permita a convivencia de dúas unidades familiares perceptoras da Risga.

No relativo á renda de inclusión social de Galicia, o texto legal exige expresamente o desenvolvemento regulamentario nos seguintes casos, que son os que se regulan con maior detalle neste decreto:



- O establecemento do procedemento de valoración e cualificación da situación ou risco de exclusión social.
- A determinación dos supostos de disposición de bens patrimoniais dos cales se deduza a existencia de medios suficientes para a subsistencia.
- O desenvolvemento regulamentario sobre a exclusión do cómputo como recursos económicos de determinados ingresos e prestacións.
- Os termos e condicións da concesión do complemento de alugamento, co importe máximo legalmente establecido, así como os casos de percepción do dito complemento en que, pola composición familiar e con presenza de menores, se exceptúe o seu cómputo para os efectos da superación dos límites máximos de contía de percepción da renda.
- O formato e o contido do diagnóstico de empregabilidade, coa información mínima sinalada no texto legal.
- A determinación da contía do complemento de inserción, de acordo co límite máximo establecido legalmente, sinalando criterios de graduación e límites do importe que corresponda, así como, cando proceda, os que deriven da cobertura de determinados gastos necesarios para o cumprimento do convenio de inclusión.
- A redución gradual das cantidades que se aboan como complemento de ingresos do tramo de transición ao emprego.
- A descrición dos documentos preceptivos que se deben xuntar coa solicitude da renda de inclusión social.
- A concreción doutros informes preceptivos e determinantes para a tramitación da solicitude da renda distintos dos especificamente sinalados na lei obxecto de desenvolvemento.
- A composición e funcións das unidades técnico-administrativas de apoio ao órgano de resolución, integradas por persoal técnico experto en servizos sociais, constituídas con carácter permanente tanto no ámbito autonómico como no provincial.
- A determinación dos indicadores que se empregarán para verificar o cumprimento dos obxectivos do proxecto de integración social e do convenio de inclusión sociolaboral.

Doutra banda, o texto da lei sinala a posibilidade de que regulamentariamente se poidan engadir novos criterios para a valoración técnica da situación ou risco de exclusión social, o que non se considera necesario neste decreto.

No relativo ás axudas de inclusión social, a lei remite a un desenvolvemento regulamentario nos seguintes aspectos, regulados neste decreto:



- O establecemento dos supostos en que, por razóns de grave necesidade, se poida conceder excepcionalmente máis dunha axuda de inclusión social do mesmo tipo por ano.
- A concreción dos criterios de complementariedade dos diferentes tipos de axudas.
- A determinación dos supostos excepcionais para o emprego destas axudas no pagamento de cotas hipotecarias en situacións de crise financeira insuperable da familia, por causas sobrevidas e polo tempo máximo establecido no texto legal.
- Os límites e condicións de idoneidade das axudas vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual, en coordinación coas medidas sectoriais da consellería competente en materia de vivenda.
- Os criterios e os límites de complementariedade para situacións excepcionais reflectidas nos informes pertinentes, especialmente cando existan menores na unidade de convivencia, todo isto avaliando a gravidade da situación e a limitación da axuda ou prestación pública de que se trate.
- O establecemento dos criterios para a determinación da contía das axudas en función do tipo de axuda e das circunstancias do caso.
- A descrición dos documentos preceptivos que se deben xuntar coa solicitude da axuda de inclusión social.
- A concreción doutros informes preceptivos e determinantes para a tramitación da solicitude da axuda distintos dos especificamente sinalados na lei obxecto de desenvolvemento.
- Os criterios para o aboamento anticipado da axuda, de maneira total ou fraccionada, nas porcentaxes que considere procedentes o órgano de resolución en atención ás circunstancias de cada caso e aos devanditos criterios.
- A determinación dos supostos e forma de xustificación dos gastos realizados.

Igualmente, como no caso da renda de inclusión social de Galicia, existen determinadas cuestións relativas á xestión das axudas, como son a posibilidade de que regulamentariamente se poidan establecer os requisitos para que a Xunta de Galicia poida subscribir convenios cos concellos coa finalidade de que estes asuman a xestión única destas axudas, logo da transferencia de crédito que corresponda, así como que se poida establecer un procedemento especial para aboar as axudas para atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico a aquelas entidades de iniciativa social, debidamente rexistradas, que asinasen un convenio de colaboración coa Administración competente para actuar como entidade intermediaria para o adianto dos fondos ás persoas beneficiarias nos casos de maior urxencia, as cales non se considera procedente desenvolver neste decreto, senón que se mantén a posibilidade do seu desenvolvemento en futuros regulamentos.



En calquera caso, tanto no suposto da renda de inclusión social como no das axudas de inclusión social, regúlanse outros aspectos que se consideran necesarios para unha mellora na tramitación de ambas as dúas prestacións.

Así mesmo, a regulación minuciosa, xa citada, das disposicións legais incide na redacción do regulamento de desenvolvemento previsto polo texto legal e obriga, ás veces, a unha reprodución de preceptos legais, co fin de presentar, tal como se expuxo, un conxunto coherente e coordinado de disposicións. Con isto, en virtude do principio de proporcionalidade, optouse por un decreto parcial, dada a especificidade da materia que constitúe o seu obxecto, co que se pretende que esta norma teña a máxima utilidade e coherencia interna co obxectivo de facilitar a súa aplicación. Tamén se trata de garantir o principio de seguridade xurídica, ao permitir que a iniciativa normativa se exerza de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, nacional e da Unión Europea, para xerar un marco normativo estable, predicible, integrado, claro e de certeza, que facilite o seu coñecemento e comprensión e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións no seu ámbito.

Ademais, intentouse conformar neste regulamento un conxunto ordenado de disposicións que, respectando o tratamento sistemático establecido polo texto legal, permita unha comprensión máis sinxela, en especial, dos procedementos administrativos regulados, tratando de adecuar o contido dispositivo ao iter procedemental considerado, coa finalidade de evitar, en aplicación do principio de eficiencia, cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionalizar a xestión dos recursos públicos.

Por outra parte, hai que ter en conta que a entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que resulta de aplicación a todo o sector público, incluídas as administracións das comunidades autónomas, fai necesaria unha adecuación dos artigos procedementais da Lei 10/2013, do 27 de novembro, ás súas disposicións reguladoras.

En definitiva, este decreto estrutúrase en 91 artigos, unha disposición derogatoria única e tres disposicións derradeiras.

O índice sistemático deste regulamento executivo basicamente axústase ao do texto legal. Así, dispón dun título preliminar que sinala o obxecto e a definición xenérica da renda de integración social de Galicia e das axudas para situacións de emerxencia social.

Doutra banda, o título I do decreto dedícase á renda de inclusión social de Galicia e, ademais de adaptarse ao contido do texto lexislativo, regula pormenorizadamente todos os aspectos en que a disposición legal exige un desenvolvemento regulamentario, así como o resto das cuestións necesarias para a súa adecuada execución.

O título II, baixo a rúbrica das axudas de inclusión social, tamén desenvolve as novas previsións legais sobre a materia, e, como no caso anterior, regula todos os aspectos necesarios para a súa tramitación e concesión.

En canto ao título III, describe a regulación dos órganos de control e seguimento.



Finalmente, apróbanse os modelos para a tramitación da renda de inclusión social de Galicia, co obxectivo de adaptarse á nova lei e de mellorar o seu contido, incorporando os modelos de solicitude, proxecto de integración social, acordo anexo para a integración socioeducativa dos e das menores e convenio de inclusión sociolaboral. Ademais, para a tramitación das axudas de inclusión social incorpóranse o modelo de solicitude e do proxecto de traballo social ou socioeducativo vinculado ás axudas de inclusión social, en todos os casos con posibilidade de modificación mediante a correspondente orde. Por último, establécese nunha disposición derogatoria única que quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango contradigan o disposto no decreto e, en especial, o Decreto 374/1991, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social no relativo á renda de integración social de Galicia; o Decreto 375/1991, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, no relativo ás axudas para situacións de emerxencia social, e os números 2 e 7 do artigo 26, no relativo á competencia da consellería en materia de servizos sociais na acreditación da situación de exclusión social da unidade de convivencia do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Na tramitación e proceso de elaboración deste decreto, en aplicación do principio de transparencia, posibilitouse a participación activa das distintas organizacións, así como dos cidadáns e cidadás, en diversas ocasións, nos termos establecidos no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En particular, hai que destacar que foi precedido dun trámite de consulta pública no que unicamente se presentou unha achega relativa a que se facilitase o acceso ao texto articulado. Na fase inicial da tramitación abriuse un primeiro proceso de información pública, mediante a publicación do texto do proxecto de decreto no portal de transparencia da Xunta de Galicia, e concedeuse un prazo de quince días para o envío de suxestións, moitas das cales se incorporaron ao texto. Posteriormente, abriuse un novo trámite de información pública, coa publicación do novo texto do proxecto de decreto no portal de transparencia, e concedeuse novamente un prazo de quince días para o envío de novas suxestións que novamente se incorporaron en grande parte ao texto do decreto. Así mesmo, tivo lugar o trámite de audiencia pública, no cal se remitiu o borrador de decreto ás entidades, asociacións máis representativas e corporacións directamente interesadas e se lles concedeu un novo prazo de quince días para remitiren alegacións. Por último, ademais das alegacións antes mencionadas, recibíronse os informes preceptivos dos departamentos con competencias en materias que teñen incidencia no decreto (Orzamentos, Función Pública, Igualdade, IGVS, Emprego, Avaliación, Amtega), de xeito que se procedeu a adecuar o texto e os anexos ao disposto neles. Finalmente, contou co visto e prace do pleno do Consello Galego de Benestar Social.

Na tramitación deste decreto respectáronse os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Política Social, de acordo co Consello Consultivo e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na reunión do día trinta e un de xaneiro de dous mil dezanove,



DISPOÑO:

TÍTULO PRELIMINAR Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Este decreto ten por obxecto o desenvolvemento regulamentario da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia (BS626F) e das axudas de inclusión social (BS618D).
2. Os dereitos á percepción da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social recoñeceranse a aquelas persoas nas cales se valore a existencia dunha situación ou risco de exclusión social, nos termos determinados na Lei 10/2013, do 27 de novembro, e neste decreto.

Artigo 2. Natureza

1. A percepción da renda de inclusión social de Galicia configúrase como dereito subxectivo, recoñecible a toda persoa que solicite a prestación e cumpra coas condicións, requisitos e obrigas regulados neste decreto.
2. As axudas de inclusión social teñen carácter de dereito subxectivo e a súa concesión faise coa finalidade de posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas solicitantes, así como atender gastos extraordinarios e urxentes en situacións de grave emerxencia que poidan desencadear un proceso de exclusión social.
3. Polo seu carácter de prestación social, a renda de inclusión social de Galicia e as axudas de inclusión social non teñen natureza de subvencións, para os efectos do previsto no artigo 2.2. a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 3. Criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social

1. Para os efectos das prestacións económicas reguladas na Lei 10/2013, do 27 de novembro, entenderanse en situación ou risco de exclusión social as persoas en que concorran os criterios de valoración que se enumeran no número seguinte.
2. De conformidade co establecido no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, e neste decreto, para a valoración técnica da situación ou risco de exclusión social, verificarase a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún dos factores de exclusión seguintes, cando esa condición supoña especial dificultade de integración social ou laboral:
 - a) Estar nunha situación de cargas familiares non compartidas.



- b) Estar en proceso de rehabilitación social, como resultado dun programa de deshabitación de substancias adictivas ou de calquera outra adicción que produza efectos persoais e sociais de natureza semellante.
- c) Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.
- d) Ser unha persoa vítima de violencia doméstica.
- e) Ter unha discapacidade recoñecida superior ao 33 %.
- f) Ser inmigrante ou emigrante retornado/a.
- g) Proceder de institucións de protección ou reeducación de menores.
- h) Proceder de cumprimento de pena nunha institución penitenciaria.
- i) Ser unha persoa sen fogar ou habitar nunha infravivenda.
- j) Pertencer a unha minoría étnica.
- k) Estar en proceso de abandono do exercicio da prostitución ou ser vítima de explotación sexual-laboral en redes de prostitución ou de tráfico de persoas.
- l) Ter a condición de persoa transexual ou estar en proceso de reasignación sexual.
- m) Calquera outro factor non previsto expresamente neste artigo sempre que, ponderado polo traballador ou traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa, condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral. Esta ponderación poderá ser tamén obxecto de avaliación por parte do persoal técnico de inclusión e das unidades técnico-administrativas de apoio ao órgano de resolución.

3. Sen prexuízo do disposto nos puntos anteriores, poderanse valorar como persoas en situación de risco de exclusión social e, en consecuencia, incorporarse ás prestacións económicas reguladas neste decreto e ao resto das medidas positivas de apoio, aquelas persoas en que concorran factores de exclusión sinalados no número primeiro deste artigo que obteñan ingresos derivados da súa actividade laboral que sexan inferiores ao importe da suma do ingreso mínimo máis os complementos familiares que lles correspondería percibir en concepto do tramo persoal e familiar da Risga, sempre e cando reúnan o resto dos requisitos establecidos neste decreto para o acceso ás prestacións económicas reguladas nel.

4. Ademais da valoración técnica da situación ou risco de exclusión social de acordo cos criterios expostos no número segundo, para o acceso á renda de inclusión social de Galicia e ás axudas de inclusión social teranse en conta os requisitos específicos regulados na Lei 10 /2013, do 27 de novembro, e desenvolvidos neste decreto para cada unha das citadas prestacións económicas consonte a súa natureza e obxecto.



Artigo 4. Procedemento de valoración e cualificación da situación ou risco de exclusión social

1. A valoración e cualificación da situación ou risco de exclusión social realizarao o traballador ou da traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios do concello de residencia.
2. No caso das solicitudes da renda de inclusión social de Galicia, para a realización da devandita valoración e cualificación da situación ou risco de exclusión social, o traballador ou a traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios do concello realizarán, tras a necesaria visita domiciliaria cando sexa pertinente e necesaria de acordo coas características da persoa solicitante, un informe social de acordo co modelo normalizado, no cal deberá avaliarse a concorrencia dos factores de exclusión descritos neste decreto.
3. No suposto das axudas de inclusión social complementarias dos procesos de inclusión social, a valoración e cualificación da situación ou risco de exclusión social farase no modelo normalizado de informe social, no cal tamén se avaliará a concorrencia dos factores anteriormente sinalados.
4. En todo caso, a falta de concorrencia dun dos factores de exclusión enumerados nas alíneas desde o a) ao m) do artigo 3.2, implicará a denegación da solicitude da renda de inclusión social de Galicia ou das axudas de inclusión social complementarias dos procesos de inclusión, sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos específicos regulados neste decreto para cada unha das citadas prestacións.
5. A incorporación dos datos necesarios para o mantemento do expediente social único nos correspondentes sistemas de información da Administración xeral da Comunidade Autónoma, garantindo, en todo caso, os dereitos establecidos na normativa reguladora da protección de datos de carácter persoal, efectuarase de acordo co disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e no Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á historia social electrónica.

TÍTULO I Renda de inclusión social de Galicia (Risga)

CAPÍTULO I Disposicións xerais

Artigo 5. Definición

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. A renda de inclusión social de Galicia confórmase como unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar



progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber de participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de Servizos Sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.

2. A renda de inclusión social de Galicia, en canto prestación económica, terá carácter alimenticio, persoal e non transmisíbel, e non poderá ser obxecto de embargo ou retención nin darse en garantía de obrigas, nos termos previstos na lexislación de axuízamento civil.

Artigo 6. Estrutura

De acordo co establecido no artigo 7 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, a renda de inclusión social de Galicia configúrase en tres tramos, denominados tramo persoal e familiar, tramo de inserción e tramo de transición ao emprego.

Para os efectos da percepción dos devanditos tramos, o tramo persoal e familiar poderá simultanearse co tramo de inserción ou co tramo de transición ao emprego, sempre e cando as persoas beneficiarias reúnan os requisitos establecidos para acceder a cada un deles.

Artigo 7. Tramo persoal e familiar

De conformidade co previsto no artigo 8 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, poderanse beneficiar do tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia aquelas persoas que se encontren en situación ou risco de exclusión social e cumpran os requisitos de acceso regulados neste título.

Artigo 8. Tramo de inserción

1. De acordo co regulado no artigo 9 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, poderanse beneficiar do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia aquelas persoas que se encontren en situación ou risco de exclusión social, conforme o estipulado neste decreto, e que se vinculen a un itinerario de inserción no mercado de traballo mediante un convenio de inclusión de duración determinada cun contido formativo ou laboral.

Para o acceso ao tramo de inserción as persoas deberán estar previamente incorporadas ao tramo persoal e familiar.

2. Para os efectos antes sinalados, a formación programada deberá estar adaptada á persoa e ao mercado laboral circundante e deberá ter un impacto claro na mellora das posibilidades reais de emprego.

3. Con carácter xeral promoverase que as persoas beneficiarias do tramo persoal e familiar se beneficien do tramo de inserción sempre que sexa posible consonte os requisitos e procedementos establecidos neste decreto.

Artigo 9. Tramo de transición ao emprego



1. De conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, poderanse beneficiar do tramo de transición ao emprego as persoas beneficiarias da renda no tramo persoal e familiar e/ou no tramo de inserción co obxectivo de incentivar e facilitar o seu acceso a un emprego mediante o pagamento dun complemento de transición, en diminución gradual e progresiva, por un período máximo de seis meses, nos termos regulados neste decreto.

2. Con carácter xeral promoverase que as persoas beneficiarias do tramo de inserción pasen ao tramo de transición ao emprego sempre que sexa posible.

Artigo 10. Unidade de convivencia. Criterios e regras de aplicación

1. De conformidade co artigo 11.1 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, como regra xeral concederase unha soa renda por domicilio, entendido como marco físico de aloxamento da unidade de convivencia da cal forma parte a persoa titular da prestación.

Para os efectos da determinación do marco físico constitutivo do domicilio terase en conta o que figure como independente no rexistro da Administración pública competente, sen prexuízo de que se acredite tal carácter de independente mediante outros medios de proba fidedignos. No suposto de que no mesmo domicilio a unidade de convivencia solicitante se atope convivindo con outra unidade de convivencia, sexa esta ou non beneficiaria da Rsga, poderá concederse a prestación con carácter excepcional sempre que se acredite o dereito ao seu uso mediante un contrato de arrendamento en vigor ou calquera outro título xurídico válido. Nos demais casos, o órgano de resolución concederá un prazo de ata un máximo de doce meses desde a data de concesión para pasar a residir nun domicilio independente, con posibilidade dunha prórroga por un mesmo prazo de doce meses, cando se xustifique a súa necesidade polas dificultades de acceso a un domicilio independente, para o que se terá en conta o establecido no informe social do/da traballador/a social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos.

2. Conforme o regulado no citado artigo 11.2 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, para os efectos do previsto neste decreto considerarase unidade de convivencia o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e manteñan con respecto á persoa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente.

3. De acordo co punto 3 do artigo 11 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, dentro da unidade de convivencia da persoa solicitante determinarase a persoa que debe ter a consideración de titular da prestación. En condicións equiparables, aplicarase o criterio de acceso preferente das mulleres á titularidade da renda de inclusión social de Galicia. Sen prexuízo da aplicación do dito criterio, o traballo social e educativo, así como os obxectivos de inserción laboral que se establezan, deberán implicar as demais persoas membros da unidade de convivencia.

4. No suposto recollido no punto 4 do artigo 11 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, excepcionalmente, sempre que exista unha solicitude motivada ao respecto polo/a traballador/a de referencia dos servizos sociais comunitarios, poderanse aboar dúas rendas



a persoas residentes nun mesmo domicilio, cando quede acreditado que se trata dunha situación en que unha persoa con cargas familiares non compartidas se vexa na necesidade de acollerse noutro fogar independente.

Dado o carácter temporal do acollemento e a excepcionalidade da situación que ten que ser valorada polo/a traballador/a social de referencia dos servizos sociais comunitarios, neste suposto a concesión da renda terá carácter temporal polo prazo que considere axeitado o órgano de resolución, ata un máximo de doce meses desde a data da concesión, con posibilidade dunha prórroga por un mesmo prazo de doce meses, cando se xustifique a súa necesidade polas dificultades de acceso a un domicilio independente, para o que se terá en conta o establecido no informe social do/da traballador/a social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos.

5. Segundo o disposto no punto 5 do artigo 11 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, así mesmo, cando así se xustifique no correspondente proxecto de integración social, tendo en conta, se é o caso, a información obtida para o efecto por requirimento do traballador ou traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios, poderase conceder unha renda por persoa, nos seguintes supostos de residencia colectiva:

a) Centros de acollida e inclusión, públicos ou dependentes de entidades de iniciativa social, sempre que estean debidamente autorizados polo órgano competente do Sistema Galego de Servizos Sociais e conste a existencia de seguimento plasmado nun proxecto personalizado de integración social.

Para estes efectos, os citados centros deberán figurar inscritos no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

b) Establecementos de aloxamento hoteleiros e casas particulares en réxime de pensión, cando medie contraprestación económica e así se faga constar no expediente.

Para estes efectos os citados establecementos de aloxamento hoteleiros e casas particulares en réxime de pensión deberán estar autorizados, conforme a súa normativa específica, e a contraprestación económica deberá acreditarse coa factura correspondente.

Tamén poderá concederse a prestación cando concorran as seguintes condicións:

1º. Se achegue un contrato de arrendamento dun cuarto alugado, no que apareza como arrendatario a persoa solicitante ou beneficiaria, ou se acredite a existencia do arrendamento mediante declaración responsable do propietario da vivenda.

2º. A persoa arrendadora sexa titular da vivenda ou, noutro caso, se acredite que no contrato de arrendamento asinado coa persoa titular, ou documento acreditativo substitutorio a que se refire o punto anterior, está permitido o subarrendamento.

3º. Que entre a persoa arrendadora e a arrendataria da habitación, ou subarrendataria se for o caso, non exista relación de parentesco, por consanguinidade nin afinidade, nin relación análoga á conxugal.



c) Aquelas instalacións de centros ou comunidades terapéuticas debidamente autorizadas que acollan persoas que vivan nelas de xeito estable ou temporal, coa finalidade de acadar a súa integración, así como as vivendas tuteladas que acollan persoas con discapacidade ou con enfermidade mental.

Para estes efectos, os citados centros deberán figurar inscritos no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais.

d) Excepcionalmente, as vivendas habitadas por agrupacións voluntarias de convivencia, cando a xuízo do órgano de resolución e por proposta expresa do traballador ou traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios correspondentes, se considere conveniente o fomento ou mantemento desa agrupación para acadar unha maior calidade de vida e a integración social das persoas que a constitúen.

Para estes efectos, as vivendas habitadas por agrupacións voluntarias de convivencia deberán estar tuteladas por entidades de iniciativa social inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e, ademais, deberá quedar acreditada a necesidade desa agrupación para a reinserción social das persoas que a integran. Neste suposto, dada a súa excepcionalidade, a concesión da renda terá carácter temporal polo prazo que considere axeitado o órgano de resolución, ata un máximo de vinte e catro meses desde a data da concesión.

Tamén se incluírá neste suposto de vivendas habitadas por agrupacións voluntarias de convivencia a constituída por unha persoa maior de dezoito anos que proceda dunha situación de acollemento familiar e continúe a convivir coas persoas que a acolleron.

6. De acordo co artigo 11.6 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, en todo caso, a unidade de convivencia beneficiaria da Risga non perderá esta condición cando por causa de forza maior, accidente ou desafiuzamento se vexa obrigada a residir temporalmente con outra.

Dado o carácter temporal deste suposto, esa situación de residencia de dúas unidades de convivencia só poderá manterse no prazo que considere axeitado o órgano de resolución, ata un máximo de doce meses, con posibilidade dunha prórroga por un mesmo prazo de doce meses, cando se xustifique a súa necesidade polas dificultades de acceso a un domicilio independente.

7. De acordo co artigo 11.7 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, no caso de privación de liberdade da persoa titular, poderá seguir percibindo a renda outra persoa da unidade de convivencia, sempre que se cumpran os requisitos para a súa percepción e se deseñe un proxecto de integración social adaptado ás novas circunstancias familiares.

Para estes efectos, a tramitación da correspondente solicitude para comprobación de cumprimento dos requisitos poderá realizarse mediante o procedemento a que se refire o artigo 41, de xeito que o/a traballador/a social, de oficio ou por instancia do órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial, realizará o informe social e xuntará a documentación necesaria para formular a solicitude, que deberá ser asinada en todo caso pola persoa solicitante, e incluírá un novo proxecto de integración social.



CAPÍTULO II Requisitos

Artigo 11. Requisitos xerais de acceso

De conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. Terán dereito a renda de inclusión social de Galicia as persoas que se encontren nunha situación tecnicamente valorada de exclusión social ou de risco de exclusión social, de acordo co previsto no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, e neste decreto, e que, sen prexuízo das excepcións establecidas nos artigos seguintes, reúnan os seguintes requisitos:

a) Ter residencia efectiva e constatada pola traballadora ou traballador social de referencia dos servizos sociais comunitarios responsables de desenvolver as accións que se deseñen no correspondente proxecto de integración social, e estar empadroad/a en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma galega, polo menos durante os seis meses anteriores á presentación da solicitude de valoración da Risga por parte da persoa interesada, computando para estes efectos os períodos de empadramento sucesivo en distintos concellos galegos.

Para estes efectos, enténdese por residencia efectiva aquela que mantivese a persoa solicitante por tempo superior a seis meses nun período de doce.

b) Ter residencia legal, conforme a normativa vixente.

c) Ter máis de vinte e cinco anos.

Para estes efectos, entenderase que teñen máis de vinte e cinco anos as persoas que teñan cumprida a dita idade na data da solicitude da prestación.

d) Dispor na unidade de convivencia de ingresos inferiores ao importe do tramo persoal e familiar que lle correspondería e, ademais, non dispor de bens patrimoniais dos cales se deduza a existencia de medios suficientes para a subsistencia, de acordo cos criterios de cómputo establecidos neste decreto.

Para os efectos de cumprimento deste requisito, terase en conta o importe do tramo persoal e familiar que lle correspondería, sen incluír o complemento de aluguer.

e) Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de lles prestar alimentos de acordo coa lexislación civil, e tendo en conta o disposto nos artigos seguintes.

2. En todo caso, debe acreditarse a existencia dunha situación tecnicamente valorada de exclusión social ou de risco de exclusión social, así como a concorrencia dos requisitos para o acceso á renda, tanto no momento da solicitude como no momento da resolución de



concesión. Así, no caso de que exista variación das circunstancias durante a tramitación da solicitude, deberán ser comunicadas no prazo de dez días desde que se produzan, para a súa avaliación.

Artigo 12. Residencia e empadramento

De acordo co artigo 13 da Lei 10/2013, quedan eximidas do cumprimento do requisito xeral de residencia e empadramento:

a) Aquelas persoas que, procedentes doutras comunidades autónomas do Estado español, sexan beneficiarias do sistema de rendas mínimas na comunidade autónoma da cal proceden, sempre que na lexislación da citada comunidade autónoma se recolla a reciprocidade ou convenio específico para o efecto.

b) As vítimas de violencia doméstica ou de violencia de xénero que cambian o seu domicilio por motivos de seguridade.

c) As persoas emigrantes galegas, nos termos sinalados no artigo 3 do Estatuto de autonomía de Galicia, cando fixasen a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, aquelas persoas nadas en Galicia que, residindo noutras comunidades autónomas, volvan fixar a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma galega.

d) As que teñan recoñecida a condición de persoa refuxiada polo organismo competente da Administración xeral do Estado ou aquelas persoas cuxa solicitude de asilo se admitise a trámite ou, non admitíndose, teñan os/as solicitantes autorizada a súa permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social, no marco da lexislación reguladora do dereito de asilo e a condición de persoa refuxiada e da normativa reguladora dos dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e da súa integración social.

e) As persoas vítimas de tráfico de seres humanos ou de mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero que conten cunha autorización de residencia ou cun traballo por circunstancias excepcionais nos termos que estableza a normativa de aplicación en materia de estranxeiría.

Artigo 13. Residencia legal

De acordo co artigo 14 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. Ademais da residencia efectiva, os cidadáns e as cidadás procedentes dun Estado da Unión Europea, dun Estado non membro da Unión Europea, ou dun Estado asinante do Acordo do Espazo Económico Europeo (AEEE) ou de Suíza, precisarán acreditar a residencia legal en España de conformidade coa normativa vixente, no momento da presentación da solicitude.

Para estes efectos, non será necesario acreditar a residencia legal dos e das menores que formen parte da unidade de convivencia.



2. Para os efectos do disposto no número anterior considerarase acreditado o requisito de residencia legal nos supostos de persoas vítimas de tráfico de seres humanos ou de mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero que contén cunha autorización de residencia ou traballo por circunstancias excepcionais nos termos que estableza a normativa de aplicación en materia de estranxeiría.

3. Queda exceptuado do requisito da residencia legal quen teña recoñecida a condición de persoa refuxiada polo organismo competente da Administración xeral do Estado, ou aquelas persoas cuxa solicitude de asilo se admitise a trámite ou, non admitíndose, teñan os/as solicitantes autorizada a súa permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social, no marco da lexislación reguladora do dereito de asilo e a condición de persoa refuxiada e da normativa reguladora dos dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e da súa integración social.

Artigo 14. Idade

De acordo co artigo 15 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

Poderanse exceptuar do requisito xeral de idade expresado no artigo 11 as persoas que teñan menores ao seu cargo e, ademais, aquelas persoas maiores de dezoito anos en que concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que antes de alcanzar a maioría de idade estivesen tuteladas pola Xunta de Galicia e internadas nun centro de menores ou en acollemento familiar.
- b) Que, tendo recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % consonte o establecido na lexislación específica sobre a materia, non teñan dereito a prestación ou axuda de igual ou análoga natureza.
- c) Que estean en situación de orfandade absoluta e non teñan dereito a outras prestacións ou axudas de análoga natureza.
- d) Que procedan dun centro de internamento de institucións penitenciarias ou dun centro de reeducación de menores.
- e) Que leven tres anos vivindo nun domicilio independente e que cotizasen, polo menos, dous anos á Seguridade Social.
- f) Que sexan persoas vítimas de tráfico de seres humanos.
- g) Que se acredite que a persoa é vítima de violencia doméstica ou violencia de xénero.
- h) Que o/a traballador/a social de referencia dos servizos sociais comunitarios acredite a existencia da concorrencia de varios factores de exclusión social dos relacionados no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, e neste decreto.



Artigo 15. Cómputo de ingresos económicos

1. De conformidade co establecido no artigo 17.1 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, para os efectos do previsto neste decreto, entenderanse como ingresos de que dispón a unidade de convivencia o total dos percibidos pola persoa solicitante ou aquelas que constitúan a unidade de convivencia, no momento da solicitude e na data da resolución, en concepto de rendementos do traballo ou de actividades económicas e/ou profesionais, retribucións, rendas, prestacións periódicas, axudas, subsidios, prestacións de pagamento único, indemnizacións ou ingresos por calquera outro concepto ou título; así mesmo, as cantidades percibidas en concepto de rendementos do capital mobiliario e inmobiliario, alugamentos ou similares, así como rendementos do patrimonio, de acordo co establecido nas alíneas seguintes:

a) Ingresos procedentes do traballo por conta propia:

Os ingresos das persoas que traballan por conta propia e asimiladas procedentes de actividades profesionais, agropecuarias ou económicas de calquera natureza, determinaranse de conformidade co procedemento establecido pola normativa fiscal que sexa de aplicación.

Considéranse como ingresos o importe dos ingresos íntegros computables incluídos na última declaración vencida para o cálculo do pagamento fraccionado do imposto sobre a renda das persoas físicas, deducido o importe aboado en concepto de cotas á Seguridade Social e os demais gastos necesarios para o desenvolvemento da actividade, e dividido entre o número de meses de referencia da devandita declaración, a excepción dos casos en que se acredite o cesamento de actividade.

Cando eses importes citados así determinados sexan inferiores ao importe das cotas que se aboan á Seguridade Social no mes da solicitude, computarase como ingreso unha cantidade igual ao importe das devanditas cotas.

b) Ingresos procedentes do traballo por conta allea:

Os ingresos netos de traballo por conta allea procedentes de soldos e salarios determinaranse deducindo dos ingresos brutos mensuais computables as seguintes contías:

1º. O importe das contías mensuais pagadas en concepto de retencións á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2º. O importe das contías mensuais pagadas en concepto de cotizacións sociais, entendendo por cotizacións sociais, para os efectos deste artigo, as satisfeitas á Seguridade Social, as cantidades aboadas por dereitos pasivos e mutualidades de carácter obrigatorio e calquera outro tipo de cotizacións sociais obrigatorias.

Os ingresos netos mensuais estimaranse, para traballos de duración anual, aplicando a seguinte fórmula: (ingresos netos correspondentes ao mes da solicitude X número de pagas anuais)/12.



O cálculo dos ingresos netos mensuais para traballos de duración inferior ao ano realizarase axustando os parámetros da fórmula anterior ao período efectivo de traballo.

c) Ingresos procedentes de pensións e prestacións:

Os rendementos procedentes de pensións, prestacións ou subsidios por desemprego ou cesamento de actividade, ou de calquera outra prestación social asimilable, calcularanse da mesma forma que os rendementos de traballo por conta allea. A pensión de alimentos e a pensión compensatoria terán o mesmo tratamento, salvo que se acredite que non se están a percibir de xeito efectivo. Computaranse como ingresos os importes deses conceptos que estean afectados por embargo ou retención xudicial.

d) Ingresos procedentes do patrimonio:

Os rendementos patrimoniais incluírán o total dos rendementos netos procedentes da explotación do patrimonio dos membros da unidade familiar ou de convivencia, sexa cal sexa a forma que adopte a mencionada explotación e, en todo caso, os rendementos obtidos por alugamentos, prezos de traspaso, cesións, tanto de bens rústicos como urbanos, así como todo tipo de ingresos financeiros.

O cálculo dos ingresos mensuais no caso de rendementos de bens mobles realizarase tendo en conta os ingresos obtidos no exercicio económico anterior ao da presentación da solicitude, dividindo a contía total dos mencionados ingresos por doce meses, sempre que os bens de que procedan permanezan no patrimonio da unidade familiar ou de convivencia no mes da solicitude e sigan xerando ingresos na devandita data, así como na data da resolución.

O cálculo dos ingresos mensuais no caso de rendementos de bens inmobles realizarase tendo en conta os ingresos obtidos no mes da solicitude, cando o período de percepción dos rendementos sexa mensual. Cando os bens inmobles estean a xerar no mes da solicitude ingresos de periodicidade superior á mensual, os ingresos mensuais por este concepto calcularanse dividindo o total dos rendementos obtidos no período de percepción entre o número de meses que comprende.

e) Os ingresos procedentes de calquera outro título. Os que se poidan determinar a partir da súa documentación específica.

2. En todo caso, para os efectos do previsto no número 2 do artigo 17 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, non se computarán os seguintes ingresos:

a) Os ingresos non regulares de escasa contía que unicamente resulten un complemento de supervivencia e que non procedan de actividades laborais, sempre que a súa contía non supere ao longo do ano o 25 % do IPREM anual correspondente. De superar este límite, computarase o exceso. Tamén se incluírán nesta alínea os premios obtidos por rendementos académicos da persoa solicitante e das persoas membros da unidade de convivencia, independentemente da súa contía, así como aqueles ingresos derivados da participación en actividades de concienciación e sensibilización social.



Para verificar o carácter destes ingresos o órgano de resolución atenderá ás circunstancias concretas de cada expediente.

Así mesmo, quedan exceptuadas do cómputo de ingresos as axudas en especie dirixidas á adquisición de produtos básicos para o/a neno/a que acaba de nacer.

b) Os ingresos de carácter finalista dirixidos á formación regrada. Se estes ingresos son percibidos pola persoa titular da prestación, e esta accede ou se atopa no tramo de inserción, non poderá percibir o correspondente complemento de inserción.

c) Os ingresos por asistencia a cursos de formación non regrada, sempre que pola súa natureza e menor contía se deduza que só remuneran os gastos de asistencia ao curso ou incentivan a formación. Inclúense neste punto todas as axudas da formación profesional para o emprego, sempre que cumpran os requisitos antes mencionados.

Para os efectos do disposto anteriormente, consideraranse que están exentos os ingresos que remuneran gastos de transporte, aloxamento e manutención cando sexan de importe inferior ao 25 % do importe mensual do IPREM. No suposto de que estes ingresos teñan un importe superior ao 25 % do IPREM, computarase a cantidade que supere esa contía, salvo que se xustifique documentalmente a necesidade de tales gastos de asistencia para a realización do curso.

Respecto aos incentivos á formación, consideraranse exentos os ingresos que se perciban por este concepto cando sexan de importe inferior ao 25 % do importe mensual do IPREM. No suposto de que estes ingresos teñan un importe superior ao 25 % do IPREM, computarase o importe que exceda este límite.

d) Os ingresos de carácter finalista dirixidos a paliar situacións de emerxencia social.

e) As prestacións familiares por fillo ou filla menor a cargo xeradas polas persoas integrantes da unidade de convivencia ou as de natureza similar dirixidas a facilitar a protección das persoas menores. Para estes efectos, equipararanse ás prestacións por fillo ou filla menor a cargo as que se aboan en concepto de acollemento familiar en familia extensa. Tamén se poderán incluír neste punto, por proposta do traballador ou traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos, as prestacións familiares por fillo ou filla a cargo maior de dezaioito anos e cunha discapacidade igual ou superior ao 65 %, cando a persoa causante non resida no mesmo domicilio que a persoa solicitante da Risga e se acredite a realización de gastos xustificadas ocasionados polo aloxamento, alimentación, medicación ou conceptos similares do fillo ou da filla.

Artigo 16. Incompatibilidades na percepción da prestación e supostos de minoración

De acordo co establecido no número 4 do artigo 6 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:



1. A renda de inclusión social de Galicia será subsidiaria e incompatible coas pensións non contributivas ou con calquera outra prestación ou pensión de importe igual ou superior ás ditas pensións.

Para os efectos deste número, terase en conta a contía básica íntegra mensual das pensións non contributivas, sen incluír a parte rateada das pagas extras.

2. Tampouco poderán acceder á renda de inclusión social de Galicia aquelas persoas que teñan a idade mínima establecida para poder solicitar unha pensión non contributiva de xubilación.

Para os efectos deste número, terase en conta a idade establecida na normativa vixente como requisito para o acceso a unha pensión non contributiva de xubilación.

3. Sen prexuízo do anteriormente disposto, os ingresos de calquera procedencia, así como as pensións e prestacións de importe inferior ao da pensión non contributiva percibidas pola persoa solicitante da renda de inclusión social de Galicia, non impedirán o acceso a ela, pero descontarase do seu importe, de conformidade co previsto e coas excepcións sinaladas no artigo 15.

4. Así mesmo, os ingresos, pensións ou prestacións percibidas por outras persoas integrantes da unidade de convivencia distintas da titular serán compatibles e deducibles do importe da renda nos termos sinalados neste decreto sobre o cómputo de ingresos.

Artigo 17. Criterios xerais para o caso específico das prestacións económicas para a atención das persoas en situación de dependencia

De conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. No caso das persoas que perciban prestacións públicas derivadas da aplicación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, aplicaranse as regras establecidas neste artigo.

2. As libranzas para adquisición de servizos ou para asistente persoal que se perciban na unidade de convivencia da persoa beneficiaria da renda de inclusión social de Galicia constituirán ingresos compatibles e non deducibles por teren como finalidade a adquisición do correspondente servizo.

3. Cando no fogar da persoa beneficiaria da nova renda se perciba a libranza para coidados no ámbito familiar, aplicarase a regra da compatibilidade e dedución destes ingresos.

Artigo 18. Patrimonio

1. De acordo co disposto no artigo 17.1.b) da Lei 10/2013, do 27 de novembro, para os efectos do previsto neste decreto, entenderanse como bens patrimoniais de que dispón a unidade de convivencia os depósitos bancarios e contas correntes ou de aforro. Terán, así mesmo, a



consideración de bens patrimoniais para os efectos deste artigo os bens mobles ou inmobles sobre os cales se posúa un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro de análoga natureza, con excepción da vivenda habitual destinada ao seu uso.

2. En referencia aos bens patrimoniais, deducirase que existen medios suficientes para a subsistencia nos seguintes supostos:

a) Cando a unidade de convivencia dispoña de cantidades líquidas superiores a catro mensualidades do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM), equiparando a estas cantidades líquidas os títulos e valores.

b) Cando o resto dos bens de que dispoña a unidade de convivencia, excluída a vivenda habitual, teñan unha valoración superior ao importe anual do indicador público da renda de efectos múltiples. Para eses efectos, utilizaranse os seguintes criterios de valoración:

1º. Para os bens inmobles, o valor catastral ou, de carecer deste, o que resulte da normativa fiscal.

No caso de ter copropiedade ou núa propiedade de bens inmobles, aplicaranse as seguintes regras de valoración:

- No suposto de copropiedade de bens inmobles, considerarase a parte proporcional á súa respectiva cota.
- No suposto de bens inmobles sobre os cales se constituía un dereito de usufruto, descontarase ao importe da núa propiedade o valor do usufruto.

2º. Para os vehículos, os valores fixados pola Administración competente para gravar a transmisión de vehículos usados.

3º. Para o resto dos bens e nos supostos de carencia de referente valorativo, a Administración actuante realizará unha valoración estimativa, que se xustificará debidamente no expediente.

3. Sen prexuízo do anteriormente sinalado, cando se xustifique que o mantemento da titularidade do vehículo ou doutro ben patrimonial concreto sexa necesaria para o desenvolvemento das accións acordadas para a inserción social ou laboral, e así se recolla no informe social do traballador ou da traballadora social de referencia, poderase exceptuar motivadamente o cómputo do dito ben. Igualmente, poderanse exceptuar de maneira motivada os bens patrimoniais para os cales se xustifique unha especial dificultade para facer efectiva a súa venda.

Artigo 19. Persoas obrigadas a prestar alimentos

1. De conformidade co previsto no artigo 16.2 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, considérase que non teñen a obriga de prestar alimentos as persoas con parentesco que, en atención ás circunstancias socioeconómicas concorrentes, non poden facer fronte ou atender as



necesidades básicas da unidade familiar solicitante sen desatender as propias necesidades ou as de familiares ao seu cargo.

Para os efectos anteriores deberá constar no informe social correspondente unha valoración motivada dos ingresos, gastos e patrimonio das persoas obrigadas.

2. De acordo co artigo 16.1 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, a xuízo do órgano de resolución, poderase eximir do requisito xeral da non existencia de persoas con obriga de prestar alimentos ás persoas solicitantes, cando se conclúa que esa obriga non se poida facer efectiva por malos tratos, relacións familiares deterioradas ou inexistentes, do cal ten que existir constancia no expediente.

Neste suposto, poderase conceder a Risga coa obriga e os efectos previstos no artigo 63.4, relativo ao exercicio de dereitos.

CAPÍTULO III O tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia

Artigo 20. Requisitos específicos do tramo persoal e familiar

De acordo co regulado no artigo 19 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. Para ter dereito a percibir o tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia, ademais de atoparse nunha situación tecnicamente valorada de exclusión social, deberán reunirse os requisitos xerais de acceso regulados na Lei 10/2013, do 27 de novembro, e neste decreto, e deberá establecerse unha vinculación cos servizos sociais comunitarios.

2. A vinculación cos servizos sociais comunitarios implicará a subscrición dun proxecto de integración social, que incluírá, se é o caso, compromisos relativos ao desenvolvemento e axuste persoal da persoa beneficiaria e a asignación dun traballador ou dunha traballadora social de referencia.

3. No caso de que existan menores subscribírase, cando os servizos sociais comunitarios o consideren necesario para garantir o seu benestar e dereitos sociais, como documento separado e anexo ao proxecto de integración social, un acordo expresivo dos compromisos en relación coa integración socioeducativa dos e das menores, nos termos establecidos na Lei 10/2013, do 27 de novembro, e neste decreto. No momento da revisión anual avaliarase especialmente o cumprimento destes compromisos.

4. No momento da revisión, avaliarase o cumprimento de todos os compromisos e condicións que exige a lei e este decreto para ser persoa beneficiaria.

Artigo 21. Composición do tramo persoal e familiar

De conformidade co regulado no artigo 20 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:



1. A renda de inclusión social de Galicia no tramo persoal e familiar estará formada por un ingreso mínimo destinado a garantir as necesidades básicas e o axuste persoal e, de ser o caso, por uns complementos familiares.
2. No caso de que para o cumprimento do proxecto de integración social se xustificasen, ademais, outros gastos de carácter extraordinario nos eventuais procesos de axuste persoal, poderanse habilitar axudas de inclusión para este fin.
3. Poderá, ademais, aboarse, nos termos e condicións que se establecen na Lei 10/2013, do 27 de novembro, e neste decreto, un complemento de alugamento. Para os efectos da determinación do límite de acceso á Risga, non se terá en conta a contía do complemento de alugamento.

Artigo 22. Contido económico do tramo persoal e familiar

De conformidade co previsto no artigo 21 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. A contía do ingreso mínimo do tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia será equivalente ao 75 % do importe mensual do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), fixado na lexislación específica que resulta aplicable.
2. O complemento familiar será de aplicación ás persoas pertencentes á unidade de convivencia que, con respecto á persoa titular, manteñan un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable, por adopción ou acollemento, ou por parentesco de consanguinidade ou afinidade ata o cuarto e segundo grao, respectivamente. A contía que se concederá nestes supostos será a seguinte:
 - a) Primeiro/a convivente adicional: o 14 % do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).
 - b) Segundo/a convivente adicional: o 12 % do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).
 - c) Terceiro/a e sucesivos/as conviventes adicionais: o 10 % do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples por persoa (IPREM).
3. En todo caso, a contía do tramo persoal e familiar, incluído o complemento de alugueiro, terá un límite máximo do 120 % do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM), salvo que existan menores, suposto en que o límite máximo será o 135 % do dito indicador, coa excepción de non computar o complemento de alugamento no suposto previsto no artigo 23.
4. O importe que percibirá cada persoa beneficiaria estará constituído pola diferenza entre a contía mensual da renda que lle correspondese e a dos recursos económicos de que dispoña. Para o caso de desconto de ingresos, establécese como importe mínimo do tramo persoal e familiar o do 25 % do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).



Artigo 23. Supostos de concesión e contía do complemento de alugamento

De conformidade co previsto no artigo 21.5 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, determínase a contía do complemento de alugamento nos supostos e coas condicións de concesión que se indican a seguir:

1. Cando a persoa beneficiaria e a súa unidade de convivencia residan nunha vivenda independente alugada e con contrato de arrendamento, que, no caso de matrimonio ou relación análoga á conxugal, poderá estar a nome de calquera das persoas que a integran, e conste no informe social que o mantemento do contrato de arrendamento da vivenda é necesario para acadar os obxectivos establecidos no proxecto de integración social, concederáse un complemento de alugamento cun importe do 10 % do IPREM. No caso de unidades de convivencia en que existan un ou máis menores, o importe do complemento será do 15 % do IPREM.

2. Este complemento será compatible con outras axudas ao alugueiro, as cales non se descontarán do importe da Risga, sen prexuízo da incompatibilidade coas axudas de inclusión social vinculadas ao uso da vivenda prevista no artigo 71.1 deste decreto.

3. A concesión deste complemento só procederá cando quede acreditado, mediante a achega da copia cotexada, a existencia dun contrato de alugueiro en vigor dunha vivenda, cunha duración mínima dun ano; que a contía do alugamento importe polo menos o 40 % dos ingresos totais da unidade de convivencia, incluíndo o importe da Risga, sen computar o complemento de alugamento; que se carece de vivenda en propiedade; e que entre a persoa arrendataria e arrendadora non existe relación de parentesco por consanguinidade, afinidade ou adopción ata o terceiro grao, nin relación conxugal nin de unión estable e de convivencia.

4. No suposto, previsto no artigo 10.1, de que a unidade de convivencia a que pertenza a persoa beneficiaria da Risga comparta domicilio con outra unidade de convivencia, poderá aboarse a cada unidade beneficiaria o importe íntegro do complemento de alugueiro que corresponda, sempre e cando reúnan os requisitos previstos para a súa concesión de acordo co establecido neste artigo. Non procederá aboar o complemento de alugueiro no caso de arrendamento ou subarrendamento dun cuarto alugado, recollido no artigo 10.5.b).

5. Nos supostos de unidades de convivencia en que existan dúas ou máis persoas membros que non alcanzasen a maioría de idade, ou ben só un/unha menor no caso de unidades de convivencia monoparentais, o complemento de alugamento exceptuarase do cómputo para os efectos de superación do límite máximo do 135 % do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM), establecido con carácter xeral neste decreto para cando existan menores na unidade de convivencia.

Artigo 24. Duración do dereito de percepción do tramo persoal e familiar

1. De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, o dereito da percepción do tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia será anual e prorrogable se subsisten as circunstancias que xustificaron a súa concesión.



2. A prórroga do dereito da percepción do tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia estará suxeita a unha revisión anual, sen prexuízo das revisións de oficio que poida realizar o órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial para comprobar que se manteñen os requisitos e as condicións que motivaron a concesión, así como das que sexan debidas á comunicación de feitos ou circunstancias sobrevidas na situación da persoa beneficiaria ou das que integran a súa unidade de convivencia.

3. Na revisión anual deberá verificarse:

- a) O cumprimento dos requisitos para o mantemento da prestación.
- b) O mantemento da situación ou risco de exclusión e a idoneidade do recurso para o logro dos obxectivos da renda de inclusión social de Galicia.
- c) A efectiva vinculación cos servizos sociais nos termos e cos compromisos establecidos no proxecto de integración social e, cando sexa o caso, no de integración socioeducativa dos e das menores.

4. Con carácter xeral, as revisións poderán desenvolverse a través de actuacións consistentes en:

- a) Consulta a bases de datos internas e externas, realizada sempre que se considere necesario e, en todo caso, con periodicidade anual, e análise da documentación que se obteña ou requira á persoa interesada.
- b) Valoración dos informes solicitados de oficio.
- c) Entrevistas persoais e visitas de comprobación.
- d) Informe social do traballador ou da traballadora social de referencia.
- e) Calquera outra actuación que se considere necesaria no ámbito da verificación dos requisitos da prestación.

Artigo 25. Acción positiva de xénero

1. Conforme o previsto no artigo 23 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, por proposta do traballador ou da traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios, en condicións de igualdade de cumprimento dos requisitos, darase preferencia no acceso á titularidade desta prestación a unha das mulleres integrantes da unidade de convivencia.

2. Así mesmo, no caso das mulleres beneficiarias do tramo de inserción da Risga que teñan responsabilidades familiares non compartidas, priorizarase o seu acceso aos servizos de conciliación da vida laboral e familiar, se o precisan.

Artigo 26. Proxecto de integración social



De conformidade co establecido no artigo 54 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. O proxecto de integración social estará orientado ao logro da mellora persoal e social da persoa perceptora da Risga e das que integran a unidade de convivencia, así como á súa autonomía, participación e integración normalizada no seu ámbito social.

2. O proxecto de integración social articularase por medio de accións concretas que incidan na mellora das condicións básicas de vida, coidado persoal, hixiene do fogar e da vivenda, coidado e atención a posibles conviventes con calquera tipo de discapacidade e seguimento de aspectos básicos da saúde. Ademais, especificará, de acordo coas características de cada caso, aspectos concretos de cambio ou axuste persoal, tales como a modificación de hábitos, desintoxicación, mellora da autonomía persoal, en especial no relativo á organización e xestión da economía doméstica, e apoio á alfabetización ou instrución básica, así como a mediación social e intercultural, incluída a relacionada coa vivenda, entre outros.

3. De maneira complementaria ao contido mínimo establecido no número anterior, poderanse incorporar compromisos relacionados co coidado ou acompañamento de persoas do seu contorno ou calquera outra actuación solidaria, así como dedicacións voluntarias en actividades de interese colectivo desenvolvidas en entidades públicas, privadas ou de iniciativa social, sen menoscabo dos seus dereitos laborais. Tamén poderán incorporarse obxectivos dirixidos á inserción laboral das persoas asinantes.

4. O proxecto de integración social será deseñado pola traballadora ou traballador social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos, coa participación activa da persoa usuaria, e a súa execución será coordinada polo traballador ou traballadora social de referencia. Estes servizos efectuarán con carácter xeral o seguimento do caso, así como a posible colaboración complementaria de entidades de iniciativa social inscritas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais e debidamente autorizadas para levar a cabo determinadas actuacións necesarias para o cumprimento dos obxectivos do proxecto, en caso en que os seus informes poderán ser valorados polo traballador ou traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos. Mediante o traballo social e educativo pautado no proxecto de integración social asegurase, en todo caso, unha vinculación efectiva das persoas beneficiarias cos servizos sociais comunitarios.

Sen prexuízo do disposto anteriormente, poderán derivarse aos servizos sociais comunitarios específicos determinadas actuacións de seguimento e, así mesmo, o órgano de resolución poderá instar a concreción ou aclaración dos obxectivos recollidos no proxecto de integración social.

5. O seguimento regular e a avaliación do proxecto de integración social documentarase no expediente social e servirá para fundamentar posibles modificacións da prestación de acordo co establecido neste decreto.

Para os efectos deste artigo, establécese o seguinte:

O modelo de proxecto de integración social, no cal figuran os indicadores que se empregarán para o cumprimento de obxectivos, incorpórase como anexo V neste decreto.



O proxecto de integración social deberá incorporar na súa formulación a perspectiva de xénero.

En todo caso, debe elaborarse, cando menos, un proxecto de integración social por cada persoa maior de idade da unidade de convivencia.

Para o seguimento o traballador ou a traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos deberán entrevistarse coa persoa beneficiaria coa periodicidade que consideren oportuna e, polo menos, cada tres meses.

No caso de derivación de determinadas actuacións aos servizos sociais comunitarios específicos ou entidades de iniciativa social, deberá terse en conta o informe destes servizos ou entidades para os efectos do seguimento regular e a avaliación do proxecto.

Artigo 27. Acordo para a integración socioeducativa das persoas menores

Conforme o establecido no artigo 55 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. No caso da existencia de menores e cando se valore unha situación de risco de exclusión social para estes ou estas, deberase formular como documento anexo ao proxecto de integración social regulado no artigo anterior un acordo en que se recollan os compromisos contraídos en relación coa súa escolarización real e efectiva, así como coa súa saúde, hixiene e socialización.
2. O acordo de integración socioeducativa dos e das menores procurará a mellora da cohesión familiar e do exercicio da responsabilidade parental, entendida como o compromiso do coidado, protección e socialización dos e das menores, para o cal se determinarán obxectivos medibles e revisables.
3. Os servizos sociais comunitarios realizarán o seguimento do cumprimento destes acordos, empregando para ese fin o servizo de educación e apoio familiar ou, en ausencia deste, o de axuda no fogar, sen prexuízo da posible colaboración complementaria de entidades de iniciativa social debidamente autorizadas, co obxecto de levar a cabo determinadas actuacións necesarias para o cumprimento dos obxectivos do acordo.
4. O seguimento regular e a avaliación do acordo de integración socioeducativa dos e das menores documentarase no expediente social e servirá para fundamentar posibles modificacións da prestación de acordo co establecido neste decreto.

Para os efectos deste artigo, establécese o seguinte:

O modelo de acordo para integración socioeducativa dos e das menores incorpórase como anexo VI neste decreto.

O acordo para a integración socioeducativa dos e das menores deberá incorporar na súa formulación a perspectiva de xénero.



CAPÍTULO IV Tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia

Artigo 28. Requisitos específicos do tramo de inserción

De acordo co establecido no artigo 24 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. Para poder acceder ao tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia, a persoa que sexa titular da prestación deberá reunir os requisitos xerais de acceso á renda de inclusión social conforme este decreto, así como as condicións para incorporarse a un itinerario de formación-emprego segundo o informe dos servizos sociais e o diagnóstico de empregabilidade. Será necesario, con carácter previo á resolución de acceso ao tramo, ditada polo órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial, subscribir un convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade, que deberá reunir os requisitos e características expresados neste decreto, e do cal se entregará unha copia á persoa beneficiaria.

2. Para tales efectos o traballador ou a traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos remitirá a información pertinente ao persoal técnico de inclusión e/ou ao persoal técnico do Servizo Público de Emprego de Galicia ou das súas entidades colaboradoras que, de ser o caso, poderán solicitar información complementaria ás entidades de iniciativa social que colaborasen en cada caso concreto.

Lei 7/2019, do 23 de decembro.

Artigo modificado: Artigo 28 apartado 1 nova redacción por artigo 28 apartado un.

Artigo 29. Diagnóstico de empregabilidade

1. De conformidade co establecido no artigo 25 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, o diagnóstico de empregabilidade deberá incluír no seu contido, como mínimo, información relativa aos seguintes aspectos:

- a) Estado de saúde compatible coa actividade laboral.
- b) Nivel de alfabetización básica.
- c) Especialización ou destrezas adquiridas por experiencia previa.
- d) Capacidades, dispoñibilidade e actitude positiva para a adquisición das habilidades precisas para a participación nas actividades de tipo prelaboral e laboral que se substancien no convenio de inclusión adaptado ao seu caso.
- e) No caso de persoas con residencia cualificada de tipo chabolista, a participación efectiva nun proceso de realoxamento, nos casos en que proceda.



2. Para os efectos deste artigo, establécese que o primeiro diagnóstico de empregabilidade deberá constar necesariamente no informe social, no modelo aprobado regulamentariamente, sen prexuízo de posteriores diagnósticos de empregabilidade, cando se produza unha nova incorporación ao tramo, realizados por persoal técnico de inclusión social ou de emprego.

Artigo 30. Límite de acceso ao tramo de inserción

De conformidade co establecido no artigo 26 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. Unha vez concluída a percepción do tramo de inserción, a persoa interesada só poderá solicitar unha única nova incorporación a este tramo unha vez transcorridos doce meses.
2. Para estes efectos, realizarase unha avaliación do nivel de cumprimento dos compromisos adquiridos no anterior convenio de inclusión sociolaboral, e xuntarase ao expediente un novo diagnóstico de empregabilidade que xustifique a pretensión dun novo acceso a este tramo.
3. O órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial poderá resolver unha única nova incorporación efectiva a este tramo, unha vez transcorridos dezaioito meses desde a súa finalización.

Para os efectos deste artigo, a duración máxima da segunda incorporación efectiva ao tramo de inserción será de doce meses.

Artigo 31. Composición e pagamento do tramo de inserción

1. De acordo co establecido no artigo 27 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, a contía económica correspondente ao tramo de inserción, que se acumula ao ingreso mínimo de carácter básico regulado no artigo 22.1 estará vinculada ás políticas activas de emprego, e terá como finalidade incentivar o cumprimento do itinerario de inserción sociolaboral, garantir a renda familiar mentres dure o dito itinerario e indemnizar os gastos que deriven da participación nas actividades que correspondan.
2. En todo caso, para os efectos deste artigo, o pagamento do complemento correspondente á participación neste tramo de inserción poderá facerse dentro dun programa de formación ou emprego no cal participe a persoa beneficiaria.

Artigo 32. Criterios de graduación e límites do contido económico do tramo de inserción

De conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, o complemento de inserción, que se determinará de acordo cos seguintes criterios e dentro dos límites que se indican a seguir, terá as seguintes características:

- a) No caso de que o complemento sexa unicamente como incentivo en tanto a persoa non participa en accións formativas, o seu importe será o 15 % do IPREM mensual.



b) No caso de que a persoa beneficiaria participe en accións formativas e o complemento inclúa, ademais do incentivo, tamén a cobertura de gastos necesarios para cumprir o convenio de inclusión, o seu importe será o 35 % do IPREM mensual en función dos devanditos gastos, segundo a tipoloxía do programa de formación ou emprego en que participa a persoa beneficiaria.

Artigo 33. Duración do tramo de inserción e do convenio de inclusión sociolaboral

Conforme o establecido no artigo 29 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, a duración do tramo de inserción e, en consecuencia, do itinerario descrito no convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade será como máximo de doce meses, prorrogable por seis meses máis en función do cumprimento dos obxectivos ata un máximo total de 18 meses, sen prexuízo da subscrición dun único novo convenio de inclusión sociolaboral no suposto de que, a xuízo dos técnicos ou das técnicas do Servizo Público de Emprego de Galicia, sexa preciso potenciar a empregabilidade das persoas beneficiarias que non accedesen ao tramo de transición.

Artigo 34. Medidas de apoio, compromisos das persoas beneficiarias e acción positiva de xénero

Conforme o establecido no artigo 30 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. A percepción do tramo de inserción, ademais da prestación económica que corresponda, comportará un apoio e seguimento profesional orientado á formación adaptada, á mellora da empregabilidade e á inserción ou reinserción real e efectiva no contorno social e no mercado de traballo. Tamén se poderá enfocar á adquisición de habilidades emprendedoras cara ao traballo autónomo ou calquera das formas de economía social.
2. De conformidade con este decreto, o convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade expresará as actividades de mellora da empregabilidade da persoa beneficiaria para a súa incorporación ao mercado de traballo. O pagamento do tramo de inserción estará condicionado ao control do cumprimento do dito convenio, con asesoramento e seguimento coordinado do ou da profesional de referencia dos servizos sociais comunitarios, do persoal técnico de inclusión social e de emprego ou das súas entidades colaboradoras responsables da organización de actividades incluídas nos correspondentes itinerarios.
3. A subscrición do convenio de inclusión sociolaboral neste tramo é obrigatoria en todo caso.
4. En condicións equiparables darase preferencia no acceso a este tramo como titular a unha das mulleres integrantes da unidade de convivencia.
5. As persoas que desenvolvan e perciban o tramo de inserción serán colectivo preferente no acceso aos servizos de conciliación da vida laboral e familiar.

Artigo 35. Convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade



De acordo co que se establece no artigo 56 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. O convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade, que será requisito obrigatorio nos casos en que se perciba o tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia, será elaborado polo persoal técnico de inclusión social que corresponda en coordinación co persoal técnico do Servizo Público de Emprego de Galicia ou das súas entidades colaboradoras.

Para estes efectos, o modelo de convenio de inclusión sociolaboral con compromiso de actividade, no que figuran os indicadores que se empregarán para o cumprimento de obxectivos, incorpórase como anexo VII deste decreto, e pode modificarse o seu contido, así como os indicadores nel mencionados.

2. Os contidos deste convenio incorporarán a perspectiva de xénero e estarán referidos a actuacións que, formuladas de maneira progresiva, teñan como meta a integración laboral. Tamén, nos casos que proceda, o convenio incluirá o mantemento das accións para a integración social que sexan necesarias para lograr a integración laboral, as cales serán equivalentes ás exixibles no proxecto de integración social necesario para percepción do tramo persoal e familiar.

De acordo co anterior, poderá incluír diferentes tipos de accións para desenvolver:

a) No relativo ás accións de carácter social necesarias para a integración laboral, deben incidir nos seguintes aspectos:

1º. A mellora das condicións básicas de vida.

2º. O coidado persoal.

3º. A hixiene do fogar e da vivenda, organización e xestión da economía doméstica.

4º. O coidado e atención das persoas dependentes con que poidan convivir.

5º. O seguimento de aspectos básicos da saúde.

6º. Aspectos concretos de cambio ou axuste persoal, tales como modificación de hábitos, desintoxicación, mellora da autonomía persoal e apoio á alfabetización ou instrución básica, entre outros.

7º. O coidado ou acompañamento de persoas do seu contorno ou calquera outra actuación solidaria, así como dedicacións voluntarias en actividades de interese colectivo desenvolvidas en entidades públicas, privadas ou de iniciativa social, sen menoscabo dos seus dereitos laborais.

8º. Calquera outro aspecto de carácter social.



b) No relativo ás accións que teñan como meta a integración laboral, deben incidir nos seguintes aspectos:

1º. O asesoramento e a orientación laboral.

2º. A formación profesional, tanto inicial como ocupacional, incluíndo os certificados de profesionalidade e a obtención de competencias clave.

3º. A formación adaptada.

4º. Os itinerarios personalizados cara ao emprego.

5º. A incorporación a unha empresa de inserción laboral.

6º. A intermediación laboral.

7º. As prácticas laborais non remuneradas e calquera outra modalidade de formación na empresa, como é o caso das prácticas non laborais remuneradas.

8º. Calquera outro aspecto de carácter formativo e laboral.

3. Enténdese por compromiso de actividade a obriga da persoa beneficiaria de participar dunha maneira activa na realización das accións previstas no seu convenio de inclusión sociolaboral. Esa participación terá carácter obrigatorio de acordo co previsto neste decreto.

4. O convenio de inclusión sociolaboral será asinado pola persoa beneficiaria e polo persoal técnico de inclusión social de referencia e de emprego ou das súas entidades colaboradoras, e expresará as actividades prelaborais e laborais enunciadas nos puntos anteriores en forma de itinerario, como secuencia de actividades e cun sistema de valoración de resultados. Os convenios asinados serán comunicados ao traballador ou a traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios correspondentes.

Para os efectos deste artigo, a comunicación dos datos necesarios das persoas usuarias ao Servizo Público de Emprego de Galicia ou as súas entidades colaboradoras, para a exclusiva finalidade de promover o seu acceso a un emprego, realizarase de conformidade co establecido na normativa reguladora de protección de datos persoais.

5. No suposto de unidades de convivencia con varias persoas en condicións de iniciar o itinerario de inserción sociolaboral estableceranse medidas personalizadas para cada unha delas.

Artigo 36. Coordinación entre os servizos sociais e os servizos de emprego

1. O convenio de inclusión sociolaboral será elaborado de xeito coordinado polo persoal técnico de inclusión social e polo persoal técnico de emprego ou das súas entidades colaboradoras que corresponda e incluirá, dunha parte, accións de carácter social para a



adquisición de habilidades persoais, sociais, de desenvolvemento da vida diaria, de mantemento da vivenda, de educación e saúde, así como de relación social e, doutra parte, accións de carácter formativo-laboral dependentes dos servizos de emprego. Os órganos competentes da Administración autonómica en materia de servizos sociais e de emprego establecerán, para estes efectos, os protocolos e as ferramentas necesarios para facer posible a súa coordinación e intercambiarán a información necesaria para tal fin.

2. O persoal técnico de inclusión social e do Servizo Público de Emprego de Galicia ou das súas entidades colaboradoras realizarán o seguimento e o asesoramento das persoas participantes nos convenios de inclusión sociolaboral.

3. Para o desenvolvemento das actividades contidas nos devanditos convenios poderanse establecer fórmulas de colaboración con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas que desenvolvan programas especializados en inserción laboral de persoas con especiais dificultades de acceso ao emprego.

Para estes efectos, os informes das actividades realizadas, que non teñen carácter vinculante, deberán ser comunicados ao traballador/a social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos do concello de residencia da persoa, sen prexuízo da necesaria coordinación co persoal técnico de inclusión social e de emprego ou das súas entidades colaboradoras.

CAPÍTULO V Tramo de transición ao emprego

Artigo 37. Natureza, requisitos específicos e duración do tramo de transición ao emprego

De acordo co disposto no artigo 31 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. O tramo de transición consistirá nun complemento de ingresos gradualmente descendente e por un período taxado de tempo para estimular e favorecer a incorporación a un posto de traballo.
2. Poderán percibir o tramo de transición ao emprego, unha soa vez, aquelas persoas que xa perciban a renda de inclusión social de Galicia como titulares da prestación e accedan a unha actividade laboral remunerada, sempre que o contrato de traballo teña unha duración mínima de seis meses continuados.
3. O tramo de transición aboarase por un máximo de seis meses e o dereito ao seu aboamento cesará no momento en que remate a actividade laboral.

Artigo 38. Contido prestacional do tramo

De conformidade co establecido no artigo 32 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:



1. Cando a persoa beneficiaria acceda a un contrato de traballo cunha duración mínima de seis meses continuados e con ingresos superiores aos da renda de inclusión social de Galicia que viña percibindo, no primeiro mes do dereito de cobramento deste tramo, que coincidirá co mes en que se accede á actividade laboral remunerada, o tramo de transición poderá suplementar a cantidade percibida en cómputo mensual pola persoa traballadora ata completar un máximo do 135 % do salario mínimo interprofesional.
2. Para estes efectos, no primeiro mes a contía do complemento será equivalente á diferenza entre os ingresos totais, sumando a renda e os outros ingresos, e o mencionado 135 % do salario mínimo interprofesional, co límite máximo do 150 % do importe da prestación anteriormente percibida.
3. Nos meses seguintes a cantidade aboada reducirase de maneira gradual a razón dunha sexta parte do complemento cada mes, sen prexuízo do cesamento no dereito ao aboamento do tramo no momento en que remate a actividade laboral.
4. A partir do sétimo mes, sempre que non varíen as circunstancias determinantes para o dereito de percepción establecidas na lei e neste decreto, procederase á extinción da renda de inclusión social de Galicia pola perda dalgún dos requisitos exixidos para a súa percepción, de acordo co previsto no artigo 62.1.b).

Artigo 39. Criterios de aplicación no caso de acceso a rendas de traballo inferiores á renda de inclusión social de Galicia

De acordo co disposto no artigo 33 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. No caso de que a persoa acceda a unha actividade laboral regular cun contrato de traballo cunha duración mínima de seis meses e con ingresos inferiores ao importe que viña percibindo da renda de inclusión social de Galicia, o acceso a este tramo comportará a non aplicación das regras xerais de desconto de ingresos, de acordo co establecido nos números seguintes.
2. No primeiro mes de cobramento o tramo de transición poderá suplementar a cantidade total percibida en cómputo mensual pola persoa traballadora, ata completar un máximo do 135 % do salario mínimo interprofesional, co límite máximo do 150 % do importe da prestación anteriormente percibida.
3. Para estes efectos, no primeiro mes a contía do complemento será equivalente a diferenza entre os ingresos totais, sumando a renda e os outros ingresos, e o mencionado 135 % do salario mínimo interprofesional e nos meses seguintes a cantidade aboada reducirase de maneira gradual, a razón dunha sexta parte do importe do complemento inicial cada mes, sen prexuízo do cesamento no dereito ao aboamento do tramo no momento en que remate a actividade laboral.



4. En todo caso, garantirase que a suma da Risga e do salario percibido non sexa inferior á Risga que xa se viña percibindo e que o importe do tramo de transición ao emprego sexa, como mínimo, do 25 % do IPREM.

5. A partir do sétimo mes determinarase se subsiste o dereito a percibir a renda de inclusión social de Galicia modificada de acordo cos criterios xerais de acceso e desconto de ingresos establecidos neste decreto.

Lei 7/2019, do 23 de decembro.

Artigo modificado: Artigo 39 apartado 4 nova redacción por artigo 28 apartado un.

Artigo 40. Medidas de apoio

De acordo co establecido no artigo 34 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, durante a percepción do tramo de transición valorarase a suspensión de forma total ou parcial da participación nas medidas de apoio e actividades establecidas no proxecto de integración social ou no convenio de inclusión sociolaboral. Para estes efectos, valorarase, así mesmo, a necesidade de realizar unha titoría do proceso de incorporación laboral, así como a posibilidade e a conveniencia de continuar desenvolvendo parte daqueles proxectos de maneira simultánea coa nova actividade laboral.

CAPÍTULO VI Tramitación

Sección 1ª. Tramitación ordinaria

Artigo 41. Iniciación do procedemento

Conforme o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 35, números 1 e 2, da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. As solicitudes, dirixidas á xefatura territorial da consellería competente en materia de asistencia social do ámbito territorial do domicilio da persoa solicitante, presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo I), dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Neste caso, o modelo normalizado de solicitude será remitido ao órgano competente para resolver, con carácter urgente e prioritario, nun prazo máximo de tres días.



Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. No caso de que a solicitude se presente en calquera dos rexistros situados nas dependencias do concello de residencia da persoa solicitante da Risga, atendendo á problemática de risco de exclusión social en que se puidese encontrar a persoa solicitante, o rexistro receptor remitirá sen dilación aquela e toda a documentación achegada pola persoa solicitante ao órgano competente para a súa tramitación e comunicará inmediatamente a existencia da solicitude aos servizos sociais comunitarios básicos do concello de residencia.

3. O traballador ou a traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos dos concellos orientarán e informarán as persoas interesadas en todo o referente aos trámites e documentación da solicitude e, así mesmo, se for o caso, deberán rexistrar as intervencións que se realicen coa persoa beneficiaria e coas integrantes da unidade de convivencia no Sistema de información de usuarios de servizos sociais (SIUSS).

Artigo 42. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude da Risga

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada. Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 43. Actuacións previas dos servizos sociais comunitarios básicos

De conformidade co previsto no artigo 35.5 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, excepcionalmente, naqueles casos en que a situación da persoa interesada o faga imprescindible, a traballadora ou o traballador social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos poderá realizar de oficio un informe e valoración social e, de igual maneira, xuntar a documentación necesaria para os efectos dunha posible solicitude da renda de inclusión social de Galicia, que deberá ser solicitada en todo caso polas persoas interesadas, logo de requirimento para o efecto realizado polo órgano autonómico competente para a tramitación e resolución, unha vez recibida a documentación do concello.

Artigo 44. Contido da solicitude

1. O modelo normalizado de solicitude inclúese como anexo I neste decreto.

2. A solicitude presentarse debidamente cuberta e asinada, co seguinte contido:

a) Datos da persoa solicitante.

b) Datos bancarios que acrediten a titularidade da conta bancaria con identificación da persoa titular e o IBAN.



- c) Datos específicos do procedemento (afiliación á Seguridade Social, persoas obrigadas a prestar alimentos, dereitos de contido económico e datos económicos da persoa solicitante e das persoas pertencentes á unidade de convivencia relativos ao ano fiscal en curso).
- d) Declaración responsable doutras prestacións ou axudas solicitadas e concedidas e que os datos son certos e da posible asunción de responsabilidades administrativas e penais no caso de falsidade ou ocultamento intencionado da información.
- e) Documentación que se presenta e, no caso de que fose presentada nun procedemento anterior, indicación deste, do seu código e do ano de presentación.
- f) Documentación que pode ser obxecto de comprobación pola Administración e documentación que precisa autorización para a consulta. No caso de que as persoas interesadas non presten autorización, cando proceda, deberán achegar unha copia dos documentos.
- g) Documentación mínima que deben achegar os servizos sociais comunitarios básicos do concello de residencia da persoa solicitante.
- h) Información sobre o tratamento de datos persoais.
- i) Lexislación aplicable.
- j) Sinatura da persoa solicitante ou representante.

Artigo 45. Documentación complementaria necesaria que debe achegarse xunto coa solicitude

1. A documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento é a seguinte:
 - a) Certificado de empadramento da persoa solicitante dos seis meses anteriores á presentación da solicitude.
 - b) Certificado de residencia legal en vigor e documento de identidade do seu país en vigor, no caso de persoa residente comunitaria.
 - c) Permiso de residencia legal en vigor, no caso de persoa residente non comunitaria.
 - d) Certificado de convivencia.
 - e) Certificado de ser persoa beneficiaria de renda mínima doutra comunidade autónoma, no caso de estar na dita situación.
 - f) Acreditación de ser vítima de violencia doméstica ou de xénero, nos termos sinalados pola normativa específica (artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero), no caso de estar na dita situación.



g) Copia da baixa consular, no caso de persoas emigrantes retornadas que fixasen a súa residencia no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

h) Acreditación de recoñecemento da condición de persoa refuxiada polo organismo competente da Administración xeral do Estado, ou autorización de permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social, no caso de non dispoñer deste recoñecemento.

i) Acreditación de ser vítima de tráfico de seres humanos ou de muller estranxeira vítima de violencia de xénero, cunha autorización de residencia ou cun traballo por circunstancias excepcionais, nos termos que sinala a normativa.

j) Acreditación de ser familia monoparental conforme os termos sinalados pola normativa específica (artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia), no caso de estar na dita situación.

k) No caso de persoas maiores de dezaioito anos:

1º. Certificado de discapacidade da persoa solicitante, cando non fose expedido na Comunidade Autónoma de Galicia.

2º. Acreditación de estar en situación de orfandade absoluta.

3º. Xustificación documental da procedencia dun centro de internamento de institucións penitenciarias, cando concorra o dito suposto.

4º. Acreditación de levar tres anos vivindo nun domicilio independente e de ter cotizado, polo menos, dous anos á Seguridade Social.

5º. Acreditación de ser vítima de tráfico de seres humanos, xustificación documental de tal aspecto, cando concorra o dito suposto.

l) Copia do último recibo do imposto de bens inmobles, no caso de vivenda familiar en propiedade.

m) Copia do último recibo do imposto de bens inmobles e da declaración de cesión da vivenda, no caso de residir nunha vivenda cedida.

n) Copia do contrato de alugueiro en vigor, no caso de residir nunha vivenda alugada.

o) Copia da factura, no caso de residir nun establecemento hoteleiro, pensión ou nunha casa particular en réxime de pensión.

p) Copia do contrato de alugueiro, no caso de residir nun cuarto alugado.

q) Copia do contrato de alugueiro e máis xustificante de autorización de realuguer, no caso de residir nun cuarto realugado.



- r) Compromiso por escrito da persoa solicitante para conseguir vivenda independente no prazo de doce meses desde a concesión da Risga, no caso de residir nunha infravivenda, con posibilidade dunha prórroga por un mesmo prazo de doce meses, cando se xustifique a súa necesidade polas dificultades de acceso a un novo domicilio, para o que se terá en conta o establecido no informe social do/da traballador/a social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos.
- s) Compromiso por escrito da persoa solicitante para conseguir vivenda independente no prazo de doce meses desde a concesión da Risga, no suposto de convivencia no mesmo domicilio con outra unidade de convivencia e non se acredite o dereito ao seu uso mediante un contrato de arrendamento en vigor, con posibilidade dunha prórroga por un mesmo prazo de doce meses, cando se xustifique a súa necesidade polas dificultades de acceso a un domicilio independente, para o que se terá en conta o establecido no informe social do/da traballador/a social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos.
- t) Certificado de residencia legal en vigor e documento de identidade do seu país en vigor das persoas que integran a unidade familiar que sexan residentes comunitarios, salvo os ou as menores de idade.
- u) Permiso de residencia en vigor no caso de que algunha das persoas que integran a unidade familiar sexa residente non comunitario, salvo os ou as menores de idade.
- v) Certificado de discapacidade, no caso de que algunha das persoas que integran a unidade familiar estea na dita situación e non lle fose expedido na Comunidade Autónoma de Galicia.
- w) Extracto de movementos de todas as contas bancarias de que sexa titular calquera das persoas que integran a unidade familiar que inclúan os doce meses anteriores á presentación da solicitude.
- x) Copia da última nómina de todas as persoas integrantes da unidade familiar que estean traballando.
- y) Copia da tarxeta de demandante de emprego da persoa solicitante e das persoas que integran a unidade familiar maiores de 18, cando proceda.
- z) Comprobación de datos das persoas que integran a unidade familiar e as que sexan parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao (anexo II).
- aa) Comprobación de datos dos e das familiares con obriga legal de prestar alimentos (pais e nais, fillos/as e irmáns/ás), logo de constancia do consentimento de cada un/unha destes/as familiares para o tratamento dos seus datos persoais e coa excepción prevista no artigo 19 (anexo III).
- ab) Autorización a presentación electrónica da solicitude e demais documentación por parte de persoal empregado público, se for o caso (anexo IV).



2. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se presenten de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os seguintes documentos:

- a) Copia do pasaporte.
- b) Copia do libro de familia, só no caso de menores integrantes da unidade familiar sen DNI.
- c) Copia da sentenza de separación ou divorcio e do convenio regulador.

Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

6. De conformidade coa normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultarase os datos da persoa solicitante, das persoas que integran a unidade familiar e que sexan parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grado e das persoas obrigadas a prestar alimentos, incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI ou NIE.



- b) Certificado de residencia con data da última variación padroal.
- c) Certificado de discapacidade, no caso de ser expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Certificado de ter estado tutelado/a pola Xunta de Galicia e internado/a nun centro de menores ou en acollemento familiar.
- e) Informe de vida laboral.

7. De acordo co previsto no artigo 35.3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, precísase autorización para que o órgano de resolución poida acceder aos datos da persoa solicitante, das persoas que integran a unidade familiar e que sexan parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao e das persoas obrigadas a prestar alimentos, relativos a ingresos e patrimonio contidos nos seguintes documentos:

- a) Declaración da renda ou datos fiscais relativos ao último exercicio.
- b) Certificado de importes por prestacións de desemprego.
- c) Certificado das prestacións e importes que figuran no Rexistro de Prestacións Sociais Públicas.
- d) Certificado da titularidade catastral de bens inmobles.
- e) Consulta de datos dos/das condutores/as.

De non autorizarse a consulta expresamente dos anteriores documentos, deberá achegarse unha copia.

Artigo 46. Emenda da solicitude

1. Conforme o previsto no artigo 35.4 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, no caso de que a solicitude non reúna os requisitos exixidos no artigo 44 ou falte calquera documento preceptivo dos mencionados no artigo 45 que deba achegar a persoa solicitante, o órgano competente para a instrución da Administración autonómica de ámbito provincial que corresponda requirirá a persoa solicitante para que nun prazo de 10 días achegue os documentos preceptivos requiridos ou emende a falta, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución, segundo o establecido no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Así mesmo, o órgano competente para a instrución poderá recadar da persoa solicitante a modificación ou mellora voluntarias da solicitude nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 47. Instrución do procedemento



1. Corresponde ao órgano da Administración autonómica de ámbito provincial competente en materia de inclusión social e prestacións a instrución e a tramitación do procedemento. Unha vez recibido o expediente, procederá a asignarlle a numeración que se estableza no sistema de información utilizado para a tramitación e explotación da base de datos. A dita numeración indicará o código provincial, o código do concello de residencia, o código secuencial xerado automaticamente polo sistema e o ano a que corresponda o expediente. O sistema de información conterá ademais, se é o caso, a data de rexistro de entrada no concello de que se trate e/ou a data de rexistro de entrada no órgano da Xunta de Galicia competente para resolver. Así mesmo, dentro dos dez días seguintes á recepción da solicitude, efectuará a comunicación de inicio do procedemento a que se refire o artigo 21.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

2. Sen prexuízo do anterior e co consentimento expreso das persoas interesadas, de conformidade coa normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal cando así o exixa, tamén poderá recadar o órgano de tramitación a información adicional que considere necesaria para a adecuada estimación dos ingresos ou recursos económicos da unidade de convivencia e, en xeral, para completar o expediente, dirixíndose aos organismos públicos ou privados correspondentes, xa sexa a través de acceso directo a bases de datos por medios informáticos ou cursando o correspondente oficio.

3. Así mesmo, poderá requirir a persoa solicitante co fin de que achegue calquera outra documentación complementaria para a resolución do expediente e/ou a realización de actos de trámite pola persoa interesada. De non se remitir a dita documentación e/ou de non se realizaren os devanditos actos de trámite, sempre que sexan necesarios para resolver, no prazo establecido, e transcorridos tres meses, producirase a caducidade e o arquivamento do expediente, de conformidade co previsto no artigo 95.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. En calquera caso, garántese a confidencialidade dos datos obtidos na tramitación dos expedientes, de conformidade coa lexislación vixente.

5. Na tramitación dos expedientes gardarase a orde rigorosa de incoación, salvo nos supostos que dan lugar á tramitación abreviada regulada neste decreto ou cando o órgano da Administración autonómica de ámbito provincial competente para a instrución e tramitación dea orde motivada en contrario, da cal quede constancia nos termos do artigo 71.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, especialmente, no suposto de existencia dun procedemento xudicial de desafiuzamento.

Artigo 48. Informes preceptivos e determinantes emitidos polos servizos sociais comunitarios básicos do concello

De acordo co previsto no artigo 36 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, dentro dos trámites de instrución do procedemento, o concello completará o expediente coa achega dos seguintes documentos, regulados nos artigos seguintes:

a) Informe social con proposta de idoneidade da renda de inclusión social de Galicia.



b) Proposta de proxecto de integración social das persoas que integran a unidade de convivencia cando proceda e, se for o caso, como anexo, a proposta do acordo de integración socioeducativa dos ou das menores de idade.

Artigo 49. Emisión da documentación preceptiva polo concello

De conformidade co artigo 36 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. En todo caso, o traballador ou a traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos do concello de residencia emitirá o informe social regulado no artigo seguinte, que conterá unha valoración da situación ou risco de exclusión social e unha proposta de idoneidade da aplicación da prestación.

Tamén elaborarán calquera outro informe ou documento que se considere necesario para a valoración do expediente e a adopción da resolución que proceda. Para os efectos deste procedemento, o informe social terá a consideración de preceptivo e determinante para a tramitación da solicitude, aínda que non vinculante para a súa resolución, e deberá elaborarse logo de visita domiciliaria.

O traballador ou a traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos deberá emitir e remitir os informes anteriormente referidos, no prazo dun mes desde a data de entrada no concello do requirimento do órgano de ámbito provincial da Administración autonómica competente para resolver, ou desde a entrada da solicitude en calquera dos rexistros situados nas dependencias do concello de residencia da persoa solicitante da Risga, sen prexuízo do disposto nos artigos 80.4 e 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. De non os remitir no prazo indicado por causas non imputables á persoa solicitante, esta poderá presentar unha reclamación ao órgano de dirección da Xunta de Galicia competente en inspección de servizos sociais, sen prexuízo das responsabilidades en que se incorra pola demora de acordo co ordenamento xurídico.

2. Os servizos sociais comunitarios básicos tamén elaborarán unha proposta de proxecto de integración social e, ademais, no suposto de que proceda pola existencia de menores e a concorrencia de situacións de risco ou vulnerabilidade, un acordo anexo para a integración socioeducativa dos e das menores. Nas ditas propostas valorarase a vinculación das persoas con proxectos que desenvolvan entidades de iniciativa social debidamente autorizadas e a posible derivación a servizos sociais comunitarios específicos. En todo caso, deberá constar a conformidade expresa da persoa solicitante da renda, mediante a súa sinatura no documento que se elabore, segundo o modelo que se recolle no anexo V, e que lle será notificado concedéndolle un prazo de tres días para a súa sinatura, coa advertencia de que, no caso de non asinarse no prazo indicado, transcorrido o prazo de tres meses desde a finalización do prazo anterior, procederase a declarar a caducidade e ao arquivamento do expediente, de conformidade co previsto no artigo 95 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Para estes efectos, o proxecto de integración social e, se for o caso, o acordo anexo de integración socioeducativa dos e das menores poderá ser modificado polos servizos sociais comunitarios do concello, ben por propia iniciativa ou por instancia do órgano competente



para a tramitación da prestación, para posibilitar a súa adecuación ás novas necesidades e circunstancias que xurdan no proceso de inclusión social das persoas membros da unidade de convivencia beneficiaria.

3. Así mesmo, os servizos sociais comunitarios básicos serán os responsables do seguimento da execución das medidas contidas nos documentos anteriores, así como do proceso e da avaliación dos seus resultados, coa frecuencia que considere oportuna o/a profesional de referencia e mínimo cada tres meses. O devandito seguimento recollerase nun informe que se elevará ao órgano da Administración autonómica competente para a instrución proporcionándolle a información necesaria para o exercicio das súas funcións.

Se da valoración realizada polo traballador ou traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios se desprende que a persoa solicitante da renda, polas súas características, é susceptible de participar no tramo de inserción, deberase expresar esta circunstancia no informe social, fundamentando a conveniencia e oportunidade da súa incorporación ao dito tramo e indicando as posibilidades de inserción laboral da persoa solicitante, así como os recursos adecuados que existen para tal fin na súa contorna.

Artigo 50. Informe social

1. O informe social realizarase seguindo o modelo aprobado como informe social de inclusión (ISI). De acordo co previsto nos números 2 e 3 do artigo 36 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, para a súa elaboración o/a traballador/a social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos tomará en consideración as circunstancias da persoa en relación cos criterios de valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social, previa a preceptiva visita domiciliaria. Así mesmo, o informe social concluirá cunha proposta sobre a idoneidade e a procedencia, ou non, da concesión da renda de inclusión social de Galicia para o logro da autonomía e integración das persoas.

2. O informe social deberá conter, como mínimo, información relativa ás seguintes áreas:

- a) Área convivencial e familiar.
- b) Área da vivenda.
- c) Área formativo-laboral.
- d) Área persoal.
- e) Área de saúde e sociosanitaria.
- f) Área económica.

Artigo 51. Resolución

Conforme o previsto no artigo 37 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:



1. Unha vez finalizada a instrución do expediente, a xefatura territorial da consellería competente en materia de asistencia social ditará a resolución, que deberá ser notificada no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude de Risga no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.

As notificacións das resolucións e dos actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación, electrónica ou en papel.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público e autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. O prazo de resolución poderase suspender nos supostos en que sexa necesario requirir documentación complementaria á persoa interesada, ou a realización de calquera trámite preceptivo pola súa parte, e tamén pola petición dos informes preceptivos e determinantes que deben emitir os servizos sociais comunitarios do concello de residencia da persoa solicitante, nos termos sinalados polos artigos 22.1 e 80.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Entenderanse estimadas aquelas solicitudes de concesión da Risga en que non se notificase resolución expresa no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude de Risga en calquera dos rexistros do órgano competente para a resolución, e entenderase interrompido o dito prazo se concorren as causas de suspensión anteriormente descritas. En todo caso, para a aplicación da estimación por silencio administrativo, deberá constar no expediente a recepción dos informes preceptivos e determinantes, así como o resto dos documentos necesarios para ditar a proposta de concesión da prestación. De non se daren estes requisitos, as solicitudes poderanse entender desestimadas.

4. A resolución pronunciarase inicialmente, en todo caso, sobre a procedencia do pagamento do tramo persoal e familiar. Con posterioridade, a persoa beneficiaria poderá incorporarse



ao tramo de inserción ou, de ser o caso, ao de transición ao emprego, mediante a correspondente resolución, e seguindo os trámites do procedemento de modificación da prestación regulados neste decreto.

5. Unha vez resolta a concesión do tramo persoal e familiar, no prazo máximo dun mes, cando exista a valoración positiva reflectida no primeiro diagnóstico de empregabilidade que forma parte do informe social, sobre a incorporación ao tramo de inserción, procederase á elaboración do convenio de inclusión sociolaboral regulado neste decreto.

Para estes efectos, os servizos sociais comunitarios básicos, tendo en conta os recursos dispoñibles na zona onde resida a persoa perceptora, e de acordo co previsto no proxecto de integración social, remitirán a persoa interesada ao persoal técnico de inclusión que corresponda para a elaboración do convenio. A persoa beneficiaria derivarase a un/unha técnico/a de inclusión social, que poderá ser do propio concello, da Axencia Galega de Servizos Sociais (AGSS), do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou, no caso de non ser posible o anterior, dunha entidade de iniciativa social debidamente autorizada.

6. Unha vez delimitadas as accións sociais que correspondan, o persoal técnico de inclusión social coordinarase co persoal técnico dependente do Servizo Público de Emprego de Galicia ou das súas entidades colaboradoras para a determinación das accións de carácter formativo e/ou laboral que for factible engadir no convenio de inclusión social. Esta coordinación efectuarase mediante os protocolos e ferramentas a que se refire o artigo 36. O convenio de inclusión social deberá ser remitido ao órgano competente da Administración autonómica para resolver e copia aos servizos sociais comunitarios básicos do concello de residencia.

Artigo 52. Efectos económicos da resolución

Conforme o previsto no artigo 37.5 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, unha vez outorgada, a renda de inclusión social de Galicia terá efectos económicos desde o día un do mes seguinte ao da recepción do informe social, do proxecto de integración social e de toda a documentación necesaria para valorar a dita solicitude. No caso de que os ditos documentos se reciban en meses diferentes, tomarase para os ditos efectos económicos o día primeiro do mes seguinte á data de recepción do último documento recibido.

Artigo 53. Impugnación

Conforme o previsto no artigo 38 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia:

1. Contra as resolucións ditadas polas xefaturas territoriais da consellería competente en materia de asistencia social poderase interpor recurso de alzada, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou, no suposto de notificacións infrutuosas, desde a publicación dun anuncio no Boletín Oficial del Estado, ante o titular do órgano administrativo superior da Xunta de Galicia competente en materia de asistencia social.



2. O recurso poderase interpor ante o órgano que ditase a resolución ou ante o órgano competente para resolvelo, de acordo co previsto no artigo 121.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Se a resolución do recurso for estimativa, terá efectos económicos de conformidade co establecido no artigo anterior.

4. A resolución do recurso de alzada porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 54. Unidades técnico-administrativas integradas nos órganos de apoio ao órgano de resolución

Conforme o previsto no artigo 39 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, tanto no ámbito autonómico como no provincial existirán con carácter permanente unidades técnico-administrativas integradas nos órganos de apoio ao órgano de resolución competentes en materia de inclusión social e prestacións, integradas por persoal técnico con experiencia na área social e na tramitación administrativa de prestacións sociais.

Artigo 55. Composición e funcións da unidade técnico-administrativa dos servizos centrais

1. A unidade técnico-administrativa dos servizos centrais será a unidade que, dentro do órgano de apoio ao órgano de resolución con competencia en materia de inclusión social e prestacións, terá as seguintes funcións:

a) Coordinar e harmonizar os criterios de aplicación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social reguladas neste decreto e verificar o cumprimento dos prazos de resolución dos expedientes.

b) Asesorar as unidades técnico-administrativas de ámbito provincial, así como os servizos sociais comunitarios.

c) Realizar a xestión da información relativa aos programas renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social reguladas neste decreto, así como o seu seguimento estatístico.

d) O estudo, tramitación e proposta de resolución dos recursos de alzada interpostos contra as resolucións ditadas nos expedientes da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social.

2. Para o exercicio das súas funcións a unidade técnico-administrativa integrada no órgano de apoio ao órgano de resolución nos servizos centrais estará composta por persoal técnico e tamén contará con persoal auxiliar de apoio ao persoal técnico anteriormente reflectido, de acordo co previsto na relación de postos de traballo.



3. Na correspondente relación de postos de traballo identificaranse os postos desta unidade e deberán establecerse os requisitos e méritos exixidos para a súa ocupación. En todo caso a dotación de persoal da unidade deberá ser proporcional ao volume de expedientes que se van tramitar.

Artigo 56. Composición e funcións das unidades técnico-administrativas de ámbito provincial

1. As unidades técnico-administrativas de ámbito provincial serán as unidades integradas nos órganos de apoio aos órganos de resolución con competencia en materia de inclusión social e prestacións, e terán as seguintes funcións:

a) Tramitar os expedientes de concesión, modificación, suspensión e extinción das prestacións da renda de inclusión social de Galicia, propoñendo as resolucións que procedan.

b) Avaliar a proposta de proxecto de integración social e, se for o caso, do acordo anexo de integración socioeducativa dos e das menores, así como do convenio de inclusión sociolaboral, elaborados polos correspondentes servizos ou unidades competentes, que deberán contar co consentimento da persoa interesada.

c) Tramitar as revisións anuais da prestación, con proposta das resolucións que procedan.

d) Informar as persoas beneficiarias sobre os dereitos e deberes que lles corresponden.

e) As funcións anteriormente descritas que correspondan respecto aos expedientes de axudas de inclusión social reguladas neste decreto.

2. Para o exercicio das súas funcións as respectivas unidades técnico-administrativas de ámbito provincial, integradas nos órganos de apoio aos órganos de resolución de ámbito provincial, estarán compostas por persoal técnico e tamén contarán con persoal auxiliar de apoio ao persoal técnico anteriormente reflectido, de acordo co previsto nas correspondentes relacións de postos de traballo.

3. Na correspondente relación de postos de traballo identificaranse os postos desta unidade e deberán establecerse os requisitos e méritos exixidos. En todo caso, a dotación de persoal da unidade deberá ser proporcional ao volume de expedientes que se van tramitar.

Sección 2ª. Tramitación abreviada por razón de violencia de xénero

Artigo 57. Tramitación prioritaria e abreviada

Tal e como se establece no artigo 41 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. Os trámites para a concesión da Risga terán carácter de urxencia e os expedientes tramitaranse con carácter prioritario ás demais solicitudes, cando se reflecta no informe social e na solicitude que a persoa solicitante é vítima dunha situación de violencia de



xénero, acreditada por calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento da violencia de xénero. Así mesmo, o disposto anteriormente será de aplicación aos supostos acreditados de violencia doméstica, así como aos supostos de persoas vítimas de explotación sexual-laboral en redes de tráfico de seres humanos logo de constatación da súa cooperación coas autoridades na investigación do delito.

2. Para estes efectos, no prazo de quince días desde a data de entrada no concello do requirimento do órgano de ámbito provincial da Administración autonómica competente para resolver, ou desde a entrada da solicitude en calquera dos rexistros situados nas dependencias do concello de residencia da persoa solicitante da Risga, o/a traballador/a social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos deberá emitir o informe social e remitilo ao órgano competente para resolver da Administración autonómica de ámbito provincial. O proxecto de integración social e, se é o caso, de integración socioeducativa dos e das menores poderase remitir con posterioridade, nun prazo de sete días desde o transcurso do prazo anterior.

3. A resolución deberase ditar e notificar no prazo dun mes desde a presentación da solicitude. O prazo poderá suspenderse nos supostos en que sexa necesario requirir documentación complementaria á persoa solicitante da renda, ou a realización de calquera trámite preceptivo pola súa parte, e tamén pola petición do informe social, nos termos sinalados no artigo 22.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4. Entenderanse estimadas aquelas solicitudes de concesión da Risga en que non se ditase resolución expresa no prazo dun mes desde a súa presentación, interrompido se concorren as causas de suspensión anteriormente descritas. En todo caso, para a aplicación da estimación por silencio administrativo deberá constar no expediente a recepción do informe social con proposta de concesión da prestación.

5. Unha vez outorgada, a renda de inclusión social de Galicia terá efectos económicos desde o día seguinte ao da data da recepción do informe social, e continuará a tramitación do expediente nos mesmos termos que para o caso da tramitación ordinaria, logo da recepción do proxecto de integración social e, se é o caso, de integración socioeducativa dos e das menores.

Sección 3ª. Tratamento dos datos de carácter persoal

Artigo 58. Confidencialidade, protección e comprobación da veracidade dos datos

Tal e como se establece no artigo 40 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. Garántese a confidencialidade dos datos obtidos na tramitación dos expedientes da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social, de conformidade coa lexislación vixente. Sen prexuízo do anterior, o órgano superior da Xunta de Galicia competente en materia de asistencia social poderá incorporar os datos das persoas



beneficiarias no sistema de información correspondente ao expediente social básico e á historia social única electrónica que se citan no artigo 16 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, de conformidade co establecido na normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

2. Os órganos competentes para a tramitación e a resolución da Administración autonómica de ámbito provincial poderán comprobar, a través da información que poidan proporcionar os organismos públicos e privados correspondentes, a veracidade dos datos que consten no expediente que sexan necesarios para verificar a concorrencia dos requisitos de acceso.

3. Os datos persoais recadados nos procedementos da Risga e as Ais serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión destes procedementos e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá, así como do sistema de información da historia social única electrónica.

O tratamento destes datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos conforme a normativa recollida na ficha dos procedementos incluída na Guía de procedementos e servizos, nos propios formularios anexos e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos fundaméntanse no consentimento expreso das persoas interesadas, circunstancia que se reflectirá no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder á información relativa a unha materia. Tamén se comunicarán os datos da Risga ao Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) e á consellería competente en materia de emprego coa finalidade de verificar o mantemento do cumprimento dos requisitos de acceso.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

CAPÍTULO VII Modificación, suspensión e extinción

Artigo 59. Disposicións comúns

De acordo co previsto no artigo 43 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. Nos procedementos de modificación, suspensión e/ou extinción da prestación ou dalgún dos seus tramos, a resolución irá precedida da realización do trámite de audiencia previa, que terá carácter preceptivo sempre que se teñan en conta circunstancias distintas ás



alegadas ou alleas ás coñecidas pola persoa interesada, coa concesión dun prazo de dez días hábiles para alegar e presentar os documentos e xustificacións que se consideren pertinentes. Todas as resolucións terán que ser motivadas.

2. A suspensión, modificación ou extinción da prestación acordarase, segundo proceda, tendo en conta a natureza do cambio de circunstancias en relación cos requisitos de acceso á prestación e aos factores de exclusión que determinaron a concesión da renda de inclusión social de Galicia en cada caso. No suposto de que o cambio de circunstancias mencionado implique un incumprimento dalgunha das obrigas establecidas neste decreto, teranse, ademais, en conta, para determinar as consecuencias do incumprimento, os seguintes aspectos:

- a) Tipo e grao do incumprimento.
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- c) A contía, se é o caso, da prestación económica indebidamente percibida.
- d) A reincidencia.
- e) A existencia de menores.
- f) A natureza dos prexuizos causados.
- g) A situación de vulnerabilidade e a problemática social que se poida xerar.

Para estes efectos, a graduación das consecuencias previstas neste decreto por incumprimento de obrigas variará desde o apercibimento por escrito, a retirada dun terzo da prestación económica prevista no tramo persoal e familiar, entendendo como tal o importe do ingreso mínimo e dos complementos familiares que correspondan, ou a extinción da totalidade da prestación económica ou dalgún dos seus tramos, de acordo co previsto no artigo 62, e terase en conta a concorrencia das circunstancias b), d) e f) enumeradas neste número, de xeito que a gravidade da penalización estará en función desa concorrencia.

3. Nos supostos de suspensión ou extinción da prestación, as xefaturas territoriais do órgano superior con competencias en materia de asistencia social deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a desprotección dos ou das menores ou dependentes que formen parte da unidade económica de convivencia. Para estes efectos, cando a suspensión ou extinción non sexan debidas ao incumprimento das obrigas sinaladas neste decreto, valorarase se na unidade de convivencia existe outra persoa que reúna os requisitos para ser titular do dereito, mediante a tramitación da correspondente solicitude.

4. A suspensión ou a extinción da prestación económica, ou dalgún dos seus tramos, non implicará, necesariamente, o mesmo efecto respecto das medidas de inserción, das cales se poderá seguir beneficiando a persoa interesada.



Para estes efectos, deberá estar xustificado o mantemento das devanditas medidas para o logro dos obxectivos de inserción e así se fará constar na resolución correspondente.

5. Contra as resolucións administrativas de modificación, suspensión ou extinción do dereito á percepción ditadas polo órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial poderase interpor, no prazo dun mes, recurso de alzada nos termos previstos neste decreto.

Artigo 60. Modificación

De acordo co previsto no artigo 44 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. A modificación do dereito á renda de inclusión social de Galicia terá lugar polas seguintes causas:

a) A variación do número de persoas membros da unidade de convivencia ou dos recursos económicos que serviron de base para o cálculo da prestación económica dará lugar á minoración ou ao aumento que proceda, así como, se é o caso, ao reaxuste do correspondente proxecto de integración social, acordo socioeducativo dos e das menores e convenio de inclusión sociolaboral. Estas circunstancias modificativas terán efecto a partir do mes seguinte a aquel en que se produzan.

Entenderase que existe unha minoración do número de persoas membros da unidade de convivencia cando a ausencia da vivenda ou aloxamento habitual dalgunha das persoas membros daquela se prolongue por un prazo igual ou superior a un mes.

Para estes efectos, a persoa beneficiaria estará obrigada a comunicar a variación do número de persoas membros ou dos recursos económicos no prazo de dez días desde que se produzan. No suposto de que tal comunicación non teña lugar no prazo establecido anteriormente, senón posteriormente, non se aboarán os atrasos correspondentes.

b) O cambio de tramo na percepción da prestación, o que suporá unha variación das condicións, dos requisitos exixidos e do seu importe.

c) O incumprimento das obrigas por parte da persoa beneficiaria ou polo resto das persoas membros da unidade de convivencia, de acordo co previsto neste decreto.

2. O dereito da percepción e do pagamento da prestación, no caso de modificación da contía, producirase a partir do primeiro día do mes seguinte ao da data en que se dite a resolución de modificación, sen prexuízo da compensación que proceda nos supostos de percepcións indebidas segundo o expresado neste decreto.

Para os efectos deste decreto, nos supostos de persoas que deixan de percibir o tramo de inserción e pasan a percibir o tramo persoal e familiar, o proxecto de integración social seguirá comprendendo o mesmo tipo de accións que contiña o convenio previo de inclusión sociolaboral, co seguimento dos/as mesmos/as profesionais de referencia.



Artigo 61. Suspensión

De acordo co previsto no artigo 45 da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. A percepción da prestación económica da renda de inclusión social de Galicia suspenderase polas seguintes causas:

a) A imposibilidade sobrevida, por parte da persoa beneficiaria, de cumprir as obrigas asumidas, así como a existencia dunha declaración legal de incapacidade. Neste suposto, en función das circunstancias concorrentes, durante un prazo máximo de seis meses poderase acordar o aboamento da prestación a outra persoa membro da unidade de convivencia, modificando a titularidade e, se procede, a súa contía mentres subsistan as citadas causas.

Para estes efectos, considerarase que existe imposibilidade sobrevida por parte da persoa beneficiaria cando concorran circunstancias alleas á súa vontade que lle impidan cumprir as obrigas asumidas para a percepción da prestación.

b) Cando por acceder a unha actividade laboral a persoa beneficiaria pase ao tramo de transición ao emprego. Neste caso suspenderase o pagamento das prestacións correspondentes aos tramos anteriores ata o momento en que se determinen as novas contías que correspondan.

c) Cando existan elementos de xuízo suficientes que permitan deducir que a persoa beneficiaria perdeu os requisitos exixidos para percibir a prestación, e, unha vez iniciado o correspondente procedemento de revisión, poderase acordar unha suspensión cautelar do seu aboamento ata a resolución do dito procedemento, que decidirá sobre a procedencia do restablecemento do pagamento da prestación ou da súa modificación ou extinción.

Excepcionalmente, antes da iniciación do procedemento de revisión, o órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial, nos casos de urxencia e para a protección dos intereses implicados, poderá adoptar as medidas provisionais correspondentes, que deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas no acordo de iniciación do procedemento, o cal se deberá efectuar dentro dos quince días seguintes á súa adopción e poderá ser obxecto do recurso que proceda.

2. A percepción da prestación restablecerase ao concluír o prazo de suspensión fixado, no suposto de que este sexa inferior a seis meses, ou cando, logo da solicitude da persoa interesada, así o dispoña o órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial mediante a correspondente resolución, sempre que, en ambos os casos, desapareza a causa determinante da suspensión.

Para estes efectos, advertirase á persoa beneficiaria que, unha vez transcorrido o prazo máximo de suspensión de seis meses sen que desaparecese a causa de suspensión, se procederá a ditar a resolución de extinción da prestación, logo de trámite de audiencia.

Artigo 62. Extinción



Tal e como se establece no artigo 46 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia:

1. O dereito ás prestacións da renda de inclusión social de Galicia extínguese:

a) Polo falecemento da persoa beneficiaria.

Para os efectos deste suposto, poderase acordar o aboamento da prestación a outro membro da unidade de convivencia, modificando a titularidade e, se procede, a súa contía.

b) Pola perda dalgún dos requisitos exixidos para a súa percepción.

c) Polo incumprimento das obrigas previstas neste decreto cando concorran os supostos que dean lugar á extinción total da prestación ou dalgún dos seus tramos.

d) Polo mantemento, por tempo superior a seis meses, das causas que deron lugar á suspensión prevista neste decreto.

e) Pola ocultación ou falseamento dos datos ou calquera outra actuación fraudulenta dirixida a obter ou conservar a prestación económica, sen prexuízo do disposto no vixente código penal, dará lugar á extinción da súa totalidade ou dalgún dos seus tramos, segundo os elementos afectados pola actuación fraudulenta.

f) Polo traslado da residencia efectiva a un concello que non estea comprendido no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia agás que se teña establecido con este territorio un convenio, en virtude do principio de reciprocidade, que permita o mantemento dos dereitos adquiridos ou en curso de adquisición. Neste caso, o aboamento corresponderá á comunidade autónoma de destino.

2. Con carácter previo a ditarse a resolución de extinción, o órgano de resolución tramitará o correspondente procedemento de revisión, e poderase acordar, no inicio do dito procedemento, a suspensión cautelar a que se refire o artigo anterior.

3. As cantidades que se poidan percibir indebidamente, en todos os supostos anteriormente citados, poderán ser obxecto de reintegro ou compensación nos termos establecidos neste decreto.

CAPÍTULO VIII Obrigas das persoas beneficiarias

Artigo 63. Obrigas das persoas beneficiarias

De acordo co previsto no artigo 42 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, os beneficiarios e as beneficiarias da renda de inclusión social, terán as seguintes obrigas:

1. Relativas á percepción regular da prestación económica:



- a) Destinar o importe da prestación económica aos fins para os cales se concede e, en calquera caso, ao cumprimento das obrigas legais para coas persoas membros da unidade perceptora.
- b) Solicitar a baixa na prestación económica ou nalgún dos seus tramos, no prazo de dez días a partir do momento en que se deixen de reunir os requisitos exixidos para a súa percepción.
- c) Comunicar no prazo de cinco días o acceso a un emprego.

O incumprimento das anteriores obrigas dará lugar á revogación e á conseguinte extinción da totalidade da prestación ou dalgún dos seus tramos, segundo corresponda en cada unha das alíneas, mediante resolución do órgano da Administración autonómica de ámbito provincial competente para resolver. No caso da retirada total da prestación, esta non poderá ser solicitada de novo ata que transcorra un período de seis meses.

En caso de incumprimento de obrigas, cando se constate a existencia de ocultación ou falseamento dos datos, ou calquera outra actuación fraudulenta, procederáse á retirada total da prestación, que non poderá ser solicitada de novo ata que transcorra un período de doce meses.

2. Relativas ao reintegro de cantidades indebidamente percibidas:

As persoas beneficiarias, no suposto de ocultación ou falseamento de datos, deberán reintegrar as cantidades indebidamente percibidas, que terán a consideración de ingresos de dereito público. As ditas cantidades tamén poderán ser obxecto de compensación no caso de que se recoñeza, á persoa titular ou a calquera das persoas membros da unidade de convivencia, un novo dereito á renda de inclusión social, nos termos e durante o período que sinale o órgano de resolución na correspondente resolución.

Para estes efectos, deberá quedar garantido que, en todo caso, a modificación da renda no período en que se realiza a compensación non implique unha redución superior ao 50 % daquela.

Cando por causas non imputables á persoa beneficiaria se perciban cantidades ás cales non se tivese dereito, aplicarase a compensación anteriormente citada como procedemento ordinario de regularización, nos termos e durante o período que sinale o órgano de resolución na correspondente resolución de modificación. Neste caso, con carácter excepcional e só no suposto da existencia de menores na unidade de convivencia, as ditas cantidades poderán ser condonadas, en función das circunstancias económicas concorrentes. Para estes efectos, a contía obxecto de condonación non poderá superar o 50 % do IPREM anual.

En todo caso, cando se constate a existencia de ocultación ou falseamento dos datos, ou calquera outra actuación fraudulenta, procederáse á retirada total da prestación, que non poderá ser solicitada de novo ata que transcorra un período de doce meses.

3. Relativas á información, comunicación e transparencia:



a) Proporcionar á Administración información veraz sobre as circunstancias persoais, familiares e económicas que dean lugar a variacións na situación da persoa beneficiaria ou na da súa unidade de convivencia.

Para estes efectos, a comunicación deberá realizarse no prazo de dez días. Transcorrido o prazo anterior sen efectuarse a dita comunicación, poderá suspenderse o pagamento da prestación.

b) Colaborar coa Administración para a verificación da información referida no punto anterior.

c) Facilitar o seguimento do seu caso ao traballador ou á traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios que se lle asigne, e nos termos que se establezan no proxecto de integración social e, se for o caso, no acordo anexo de integración socioeducativa dos e das menores e no convenio de inclusión sociolaboral.

O incumprimento dalgunha destas obrigas dará lugar á modificación dalgún tramo ou da contía total da renda, de acordo cos criterios de modulación das modificacións por incumprimento establecidos no artigo 59.

4. Relativas ao exercicio de dereitos:

As persoas beneficiarias deberán solicitar das persoas e dos organismos correspondentes, nos prazos establecidos polos órganos da Administración autonómica de ámbito provincial competentes para resolver, as pensións e prestacións vixentes a que calquera membro da unidade de convivencia teña dereito, incluídas as accións legais derivadas da falta de pagamento do dereito de alimentos. Para tales efectos, o traballador ou a traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios deberán informar as persoas beneficiarias sobre os dereitos que os asistan e os trámites necesarios para a interposición da correspondente demanda ou execución de sentenza. No suposto de que a demanda ou solicitude prospere, e unha vez comprobado o ingreso efectivo, o órgano competente da Administración autonómica no ámbito provincial ditará a oportuna resolución pola que se modifica ou extingue, segundo os casos, o dereito á renda. O incumprimento desta obriga poderá dar lugar á extinción da prestación ou dalgún dos seus tramos.

5. Relativas aos ou ás menores e ás medidas previstas no proxecto de integración social e no convenio de inclusión sociolaboral:

Escolarizar os ou as menores ao seu cargo que estean en idade escolar obrigatoria, garantindo a súa asistencia ao centro de ensino que corresponda.

a) Escolarizar os ou as menores ao seu cargo que estean en idade escolar obrigatoria, garantindo a súa asistencia ao centro de ensino que corresponda.



b) Participar activamente, cando proceda, na execución das medidas personalizadas contidas no proxecto de integración social e, se é o caso, no acordo anexo de integración socioeducativa dos e das menores e/ou no convenio de inclusión sociolaboral acordados e subscritos cos servizos sociais comunitarios e o Servizo Público de Emprego.

c) Incorporarse aos tramos de inserción e de transición ao emprego cando se reúnan os requisitos e as condicións de idoneidade para acceder a calquera deles e contribuír activamente ao logro dos obxectivos formativos e laborais inherentes aos devanditos tramos.

O incumprimento destas obrigas pola persoa beneficiaria ou polo resto das persoas membros da unidade de convivencia, atendendo á súa gravidade e de acordo coa graduación das circunstancias previstas neste decreto, poderá implicar apercibimento por escrito, retirada dun terzo da prestación económica prevista no tramo persoal e familiar durante o período que estableza o órgano de resolución ou a extinción da totalidade da prestación económica ou dalgún dos seus tramos. No caso de retirada total da prestación, esta non poderá ser solicitada de novo ata que transcorra un período de seis meses.

Para estes efectos, entenderase como tramo persoal e familiar o importe do ingreso mínimo e dos complementos familiares que correspondan.

6. Cantas outras obrigas deriven do obxecto e da finalidade da renda de inclusión social de Galicia.

Para estes efectos, entre as obrigas que derivan do obxecto e da finalidade da renda, considerarase non exercer a mendicidade ou a prostitución, nin inducir ou compeler á súa práctica ningunha persoa membro da unidade de convivencia, así como respectar as normas de convivencia nos edificios e non realizar actividade laboral ou económica ningunha sen regularizar conforme a normativa vixente.

TÍTULO II Axudas de inclusión social

CAPÍTULO I Obxecto, natureza e tipoloxías

Artigo 64. Natureza e finalidade

1. De acordo co establecido nos números 1 e 6 do artigo 47 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, as axudas de inclusión social son prestacións económicas non periódicas que teñen como finalidade posibilitar ou reforzar os procesos de inclusión social das persoas ou familias afectadas polas características referidas no artigo 3, así como atender ás situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social.



2. De conformidade co previsto no artigo 2.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e dado o seu carácter de prestación social, as axudas de inclusión social non teñen carácter de subvención.

3. Así mesmo, constitúen prestacións económicas non periódicas, de pagamento único, aínda que no caso das axudas para necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico, cando o seu importe supere a contía dun terzo do seu límite máximo, poderanse aboar en dous ou máis pagamentos fraccionados, de acordo co disposto no artigo 87.2.

Artigo 65. Axudas complementarias de procesos de inclusión social

De conformidade co disposto no número 2 do artigo 47 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, entenderase por axudas complementarias de procesos de inclusión social as que teñan por obxecto financiar actuacións de acompañamento ou reforzo de carácter excepcional vinculadas ás medidas de apoio dos diferentes tramos da Risga.

Artigo 66. Axudas de emerxencia social

De conformidade co disposto no número 2 do artigo 47 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, entenderase por axudas de emerxencia social as que teñen como finalidade atender situacións de grave emerxencia de persoas ou familias vulnerables que poidan desencadear un proceso de exclusión social e estean destinadas a sufragar gastos extraordinarios e urxentes.

Para estes efectos, consideraranse situacións de grave emerxencia aquelas que orixinen gastos extraordinarios para cubrir necesidades específicas de carácter puntual, básico, transitorio e previsiblemente irrepitible, cando non estean cubertas polos diferentes sistemas de protección.

Artigo 67. Proxecto de traballo social ou socioeducativo

1. De conformidade co disposto no número 3 do artigo 47 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, para favorecer a eficacia e a adecuación das axudas á súa finalidade, as persoas ou unidades de convivencia perceptoras de axudas de inclusión social vincularanse a proxectos de traballo social ou socioeducativos desenvolvidos desde os servizos sociais comunitarios, que se responsabilizarán do seu seguimento.

Para estes efectos, no proxecto de traballo social ou socioeducativo recollerase, como mínimo, a composición da unidade de convivencia, o tipo de axuda solicitada, un diagnóstico, as actividades e tarefas que se van realizar, metodoloxía, temporalización, recursos humanos, materiais e técnicos, obxectivos xerais e específicos, indicadores de avaliación, impacto estimado e resultados.

2. O modelo de proxecto de traballo social ou socioeducativo vinculado ás axudas de inclusión social, que figura como anexo IX neste decreto, poderá ser obxecto de modificación.



3. O proxecto de traballo social ou socieducativo non será necesario cando no proxecto de integración social ou no convenio de inclusión sociolaboral da persoa solicitante se recolla a necesidade de solicitar a axuda de inclusión de que se trate, sempre que, nestes casos, queden acreditados os elementos que se recollan no proxecto de traballo social.

Artigo 68. Tipoloxía e características específicas das axudas

1. De conformidade co disposto no artigo 48.1 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, as axudas de inclusión social, segundo a súa finalidade, poderán ser dos seguintes tipos e coas características que se indican de seguido:

a) Axudas vinculadas ao uso da vivenda. Son as destinadas a posibilitar que se continúe habitando a vivenda habitual cando ese feito favoreza o proceso de inclusión. Comprenden axudas para o pagamento de débedas de alugamento e conceptos similares que impidan o desafiuzamento e a perda de subministracións básicas dela, que estean debidamente acreditadas no expediente, ou que reforcen o proceso de tránsito a unha vivenda normalizada de persoas residentes en chabolas ou infravivendas.

Para estes efectos, consideraranse conceptos similares os gastos da comunidade, auga, luz e outros gastos necesarios para poder continuar habitando a vivenda, cando a concesión da axuda impida o desafiuzamento e a perda de subministracións básicas.

Excepcionalmente, cando no informe social preceptivo se poña de manifesto a existencia dunha situación sobrevida de crise financeira da unidade familiar que imposibilite o pagamento da hipoteca, poderanse aboar ata un máximo de tres cotas hipotecarias mensuais, sempre que a concesión desta axuda evite o desafiuzamento.

b) Axudas vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual. Son as destinadas á adecuación da vivenda sempre e cando os acondicionamentos sexan imprescindibles, de xeito que sen eles non sexa posible o mantemento da habitabilidade da vivenda habitual, así como á mellora da súa accesibilidade universal, co fin de adaptala ás circunstancias da persoa usuaria, sempre que quede acreditado no expediente que as condicións afectan a saúde das persoas que residan na vivenda, sen que en ningún caso proceda a súa concesión para a realización dunha rehabilitación integral da vivenda.

Procede a concesión destas axudas no suposto de vivendas en propiedade, así como nas cedidas cando se xustifique a autorización para a permanencia nelas e en ningún caso se concederán para a mellora da habitabilidade de chabolas ou infravivendas.

c) Axudas destinadas ao equipamento mobiliario básico da vivenda. Con carácter xeral, son as axudas destinadas á adquisición de mobiliario e electrodomésticos básicos da vivenda, sempre que non sexa unha chabola ou infravivenda, cando non existan nela.

Excepcionalmente, sempre que quede xustificado no informe social a súa urxente necesidade pola existencia de menores ou persoas conviventes con problemas de saúde ou discapacidades, poderá concederse mobiliario e electrodomésticos non básicos. Para estes



efectos, consideraranse como básicos os que sexan imprescindibles para satisfacer necesidades primarias das persoas que permitan o desenvolvemento normalizado da vida diaria e non básicos, os que simplemente contribúen á mellora do benestar das persoas.

d) Axudas para a atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico. Son as axudas destinadas a adquisición de alimentos, vestido e enxoval doméstico de carácter básico imprescindible para satisfacer necesidades primarias das persoas que permitan o desenvolvemento normalizado da vida diaria.

e) Axudas para a atención sanitaria e sociosanitaria non cubertas polos sistemas públicos de saúde e de servizos sociais, cando se trate de tratamentos, elementos protésicos ou axudas técnicas que sexan decisivos para evitar un déficit sensorial, de mobilidade, de saúde ou unha situación persoal de desvantaxe que impida ou dificulte gravemente o proceso de integración social. Só se concederán a persoas que non teñan acceso a outro tipo de axudas similares, destinadas á mesma finalidade, e con preferencia aos ou ás menores de idade. Estas axudas teñen carácter persoal e compútanse unicamente os ingresos, rendas e bens das persoas adultas solicitantes, logo de xustificación no expediente en relación coa situación do conxunto da unidade de convivencia, de maneira que a suma dos ingresos ou rendas totais de todas as persoas que a integran terán que ser inferiores ao dobre do importe do IPREM mensual e o valor dos bens de que dispoñen ser inferiores a dez veces o importe da axuda que se vaia conceder.

f) Axudas para gastos causados por actuacións complementarias e de acompañamento vinculadas aos itinerarios de inclusión social e formación, tales como material didáctico, transporte, atención de menores ou maiores e apoio domiciliario, entre outros, cando estas axudas non estean incluídas nos conceptos cubertos pola propia Risga, polo programa formativo en que se participe ou, en xeral, polos diversos sistemas de benestar das administracións públicas. Inclúense neste tipo as axudas de acompañamento e reforzo en supostos de persoas vítimas de violencia de xénero.

g) Axudas para gastos extraordinarios derivados de procesos de axuste persoal das persoas perceptoras de Risga, especialmente nos casos de trastornos relacionados coa drogodependencia.

2. As axudas de tipo a), b), c), d) e e) teñen o carácter de axudas de emerxencia social, e as axudas de tipo f) e g) son complementarias dos procesos de inclusión social.

Artigo 69. Carácter e frecuencia das axudas

1. De conformidade co disposto no número 4 do artigo 47 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, estas axudas só se poderán destinar á finalidade para a cal foron concedidas.

2. De conformidade co disposto no número 5 do artigo 47 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, con carácter xeral só se poderá conceder unha axuda de inclusión social do mesmo tipo por ano natural, coas excepcións previstas no artigo seguinte.

Artigo 70. Importe e límites das axudas



O importe dos distintos tipos de axudas de inclusión social determinarase, en cada caso concreto, de acordo coa situación económica e familiar da persoa solicitante e da súa unidade de convivencia, cos seguintes límites:

1. Axudas vinculadas ao uso da vivenda: o importe máximo destas axudas será de dúas veces e media o importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM). Só se poderá conceder unha axuda deste tipo cada dous anos na mesma unidade de convivencia.
2. Axudas vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual: o importe máximo destas axudas será de dez veces o importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM). Só se poderá conceder unha axuda deste tipo cada cinco anos na mesma unidade de convivencia, salvo nos supostos de caso fortuíto ou forza maior, entendendo por tales os feitos imprevisibles e inevitables, que deberán ser acreditados.
3. Axudas destinadas ao equipamento mobiliario básico da vivenda, para necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico e destinadas á atención sanitaria e sociosanitaria o importe máximo destas axudas será o dobre da contía mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM). Só se poderá conceder unha axuda destes tipos cada dous anos na mesma unidade de convivencia.

Excepcionalmente, respecto das axudas de inclusión social para a atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico, e para a atención sanitaria e sociosanitaria non cubertas polos sistemas públicos de saúde e de servizos sociais, destinadas aos ou ás menores, cando se acredite no informe social a existencia dunha situación urxente e extraordinaria de grave necesidade nunha unidade de convivencia con menores, poderá concederse outra axuda do mesmo tipo antes do transcurso de dous anos, sempre e cando as axudas teñan como finalidade cubrir as necesidades dos ou das menores.

En todo caso, os custos utilizados para determinar o importe da axuda serán os prezos mínimos de mercado.

4. As axudas para gastos causados por actuacións complementarias e de acompañamento vinculadas aos itinerarios de inclusión social e formación e as axudas para gastos extraordinarios de axuste persoal: o importe máximo destas axudas será dúas veces a contía mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM). Só se poderá conceder unha axuda destes tipos unha vez ao ano na mesma unidade de convivencia.

Artigo 71. Carácter subsidiario e complementariedade das axudas

1. De conformidade co establecido no artigo 48.2 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, as axudas dos tipos a) e b) do artigo 68 son subsidiarias daquelas que poidan corresponder ás persoas no marco das medidas específicas de promoción da vivenda social e similares desenvolvidas por calquera Administración pública, salvo que nestas últimas se exixa o cofinanciamento e a persoa beneficiaria acredite a imposibilidade de achegar a parte cofinanciada que corresponda. Pola súa parte, serán compatibles co tramo persoal e familiar da Risga destinadas a garantir as necesidades básicas e o axuste persoal da persoa beneficiaria. En todo caso, respecto das axudas vinculadas ao uso da vivenda, esta



modalidade de axuda é incompatible co cobramento do complemento de alugamento previsto no artigo 23.

As axudas de tipo c) do artigo antes citado serán compatibles coa percepción da Risga.

Así mesmo, as axudas de tipo d) e e) do mesmo artigo terán carácter subsidiario con respecto a calquera outra axuda ou prestación pública destinada á mesma finalidade.

Sen prexuízo do antes indicado, poderán compatibilizarse as axudas de tipo d) coa percepción da Risga no caso de que se acredite a necesidade de adquirir produtos de alimentación ou enxoval doméstico axeitados ás persoas con intolerancias alimentarias, persoas con discapacidade e/ou persoas con patoloxías crónicas ou minoritarias que xustifiquen a adquisición deses produtos por cuestións médicas e de saúde.

As de tipo f) e g) son complementarias da renda de inclusión social de Galicia.

2. Para os efectos deste artigo, considerarase que, en xeral, as axudas de inclusión social, salvo as que teñen carácter complementario dos procesos de inclusión social, serán subsidiarias respecto de calquera outra axuda ou prestación pública que poida corresponder á persoa beneficiaria ou á súa unidade de convivencia para a mesma finalidade.

3. Non obstante o anterior, as axudas poderán ser complementarias doutras axudas e prestacións públicas, en virtude da gravidade da situación socio-económica e da desestruturación familiar reflectida nos informes pertinentes, especialmente cando existan menores na unidade de convivencia. Nestes supostos, o importe da axuda que corresponde terá en conta os límites establecidos neste decreto e deberá ser o necesario para poder solucionar, xunto co resto dos ingresos, a situación de emerxencia de cada caso concreto, sen que o importe total dos ingresos exceda o custo da necesidade que se quere cubrir.

CAPÍTULO II Requisitos

Artigo 72. Requisitos xerais de acceso ás axudas

Poderán ser beneficiarias destas axudas aquelas persoas que, conforme o establecido no artigo 49 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, reúnan os seguintes requisitos:

1. Ser maior de idade.
2. Estar empadroado ou empadroada e ter residencia constatada polo traballador ou a traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para os efectos do disposto neste decreto, enténdese por residencia constatada a que conste no informe social como a efectivamente habitada pola persoa solicitante.



3. Non dispoñer de ingresos suficientes para afrontar os gastos derivados da situación que xustifique a solicitude da axuda.

Considéranse ingresos insuficientes, para os efectos da aplicación desta medida, aqueles que, correspondendo ás persoas integrantes da unidade de convivencia independente, non sexan superiores ao cento vinte e cinco por cento do importe do tramo persoal e familiar da renda de inclusión que correspondería á unidade de convivencia, computando os ditos ingresos nos termos sinalados para a renda de inclusión social de Galicia, salvo no caso das axudas de inclusión social dirixidas a satisfacer necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico, nas cales os ingresos que se deben tomar en consideración son os efectivamente percibidos pola persoa solicitante e as restantes persoas membros da unidade de convivencia.

En todo caso, non se poderán conceder estas axudas cando a persoa solicitante ou calquera persoa membro da unidade de convivencia dispoña de bens patrimoniais dos cales se deduza a existencia de medios materiais suficientes para atender os gastos obxecto destas axudas. Teranse en conta para iso as características, valoración, posibilidade de venda ou calquera forma de explotación dos bens mobles ou inmobles de que dispoña a unidade de convivencia.

Para estes efectos, considerarase que se dispón de bens patrimoniais dos cales se deduza a existencia de medios materiais suficientes para atender os gastos obxecto destas axudas cando o valor dos ditos bens, calculado de acordo co previsto para a Risga, exceda o importe de multiplicar por 12 o 125 % do importe mensual do tramo persoal e familiar da renda de inclusión que correspondería á unidade de convivencia.

CAPÍTULO III Tramitación

Artigo 73. Iniciación do procedemento

1. As solicitudes, dirixidas á xefatura territorial da consellería competente en materia de asistencia social de ámbito territorial do domicilio da persoa solicitante, presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado (anexo VIII), dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Neste caso, o modelo normalizado de solicitude será remitido ao órgano competente para resolver, con carácter urxente e prioritario, nun prazo máximo de tres días.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).



2. No caso de que a solicitude se presente en calquera dos rexistros situados nas dependencias do concello de residencia da persoa solicitante da axuda, atendendo á problemática de extraordinaria e urxente necesidade en que se poida encontrar a persoa solicitante, o rexistro receptor comunicará inmediatamente a existencia da solicitude aos servizos sociais comunitarios básicos do concello de residencia e remitirá inmediatamente aquela e toda a documentación achegada pola persoa solicitante ao órgano competente para a súa tramitación.

3. O traballador ou a traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos dos concellos orientará e informará as persoas interesadas en todo o referente aos trámites e documentación da solicitude e, así mesmo, se for o caso, deberá rexistrar as intervencións que se realicen coa persoa beneficiaria e coas integrantes da unidade de convivencia no Sistema de información de usuarios de servizos sociais (SIUSS).

Artigo 74. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude de Ais

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite as persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada. Opcionalmente, tamén poderán tramitarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 75. Actuacións previas dos servizos sociais comunitarios básicos

De acordo co establecido no artigo 51.5 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, excepcionalmente, naqueles casos en que a situación da persoa interesada o faga imprescindible, o traballador ou a traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos poderá realizar de oficio un informe e valoración social e, de igual maneira, xuntar a documentación necesaria para os efectos dunha posible solicitude de axuda de inclusión social, que deberá ser asinada en todo caso pola persoa interesada, logo de requirimento para o efecto realizado polo órgano autonómico competente para a tramitación e a resolución, unha vez recibida a documentación do concello.

Artigo 76. Contido da solicitude

1. O modelo normalizado de solicitude, que se inclúe como anexo VIII neste decreto, presentárase debidamente cuberto e asinado, co seguinte contido:

- a) Tipoloxía da axuda que se solicita.
- b) Datos da persoa solicitante.
- c) Datos bancarios que acrediten a titularidade da conta bancaria con identificación da persoa titular e o IBAN.



d) Datos económicos da persoa solicitante e das persoas pertencentes á unidade de convivencia relativos ao ano fiscal en curso.e) Relación de bens mobles ou inmobles sobre os que se posúe un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro de análoga natureza, con excepción da vivenda habitual.

e) Relación de bens mobles ou inmobles sobre os que se posúe un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro de análoga natureza, con excepción da vivenda habitual.

f) Declaración responsable doutras prestacións ou axudas solicitadas e concedidas e que os datos son certos e da posible asunción de responsabilidades administrativas e penais no caso de falsidade ou ocultamento intencionado da información, así como da obriga de comunicar calquera variación da súa situación persoal ou económica ou das persoas con que convive.

g) Documentación que se presenta e, no caso de que fose presentada nun procedemento anterior, indicación deste, do seu código e do ano de presentación.

h) Documentación que pode ser obxecto de comprobación pola Administración e documentación que precisa autorización para a consulta. No caso de que as persoas interesadas non presten autorización, cando proceda, deberán achegar unha copia dos documentos.

i) Documentación mínima que deben achegar os servizos sociais comunitarios básicos do concello de residencia da persoa solicitante.

j) Información sobre o tratamento de datos persoais.

k) Lexislación aplicable.

l) Sinatura da persoa solicitante ou representante.

2. Para os efectos deste decreto, poden acumularse nunha mesma solicitude as diversas necesidades da unidade de convivencia susceptibles de ser cubertas polos diferentes tipos de axuda.

Artigo 77. Documentación complementaria necesaria que debe achegarse xunto coa solicitude

1. A documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento é a seguinte:

a) Certificado de convivencia.

b) Certificado de discapacidade da persoa solicitante cando estea na dita situación e non fose expedido na Comunidade Autónoma de Galicia.



- c) Certificado de discapacidade, no caso de que algunha das persoas que integran a unidade familiar estea na dita situación e non lle fose expedido na Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Copia do último recibo do imposto de bens inmobles, no caso de vivenda familiar en propiedade.
- e) Extracto de movementos de todas as contas bancarias de que sexa titular calquera das persoas que integran a unidade familiar que inclúan os doce meses anteriores á presentación da solicitude.
- f) Informe emitido polo persoal facultativo do Servizo Galego de Saúde nos casos en que solicite unha axuda de inclusión social que teña que ver coa saúde da persoa solicitante ou co /coa menor de idade ao seu cargo.
- g) Orzamento dos gastos para os cales se solicita a axuda.
- h) Comprobación de datos das persoas que integran a unidade familiar e das que sexan parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao (anexo II).
- i) Autorización a presentación electrónica da solicitude e demais documentación por parte de persoal empregado público, se for o caso (anexo IV).

2. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para la comparación da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se presenten de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

5. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os seguintes documentos:

- a) Copia do pasaporte.



b) Copia do libro de familia, só no caso dos ou das menores integrantes da unidade familiar sen DNI.

c) Copia da sentenza de separación ou divorcio e do convenio regulador.

Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

6. De conformidade coa normativa de protección de datos, para a tramitación deste procedemento consultaranse os datos da persoa solicitante e das persoas que integran a unidade familiar e que sexan parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao, incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

a) DNI ou NIE.

b) Certificado de residencia con data da última variación padroal.

c) Certificado de discapacidade, no caso de ser expedido pola Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Certificado de ter estado tutelado/a pola Xunta de Galicia e internado/a nun centro de menores ou en acollemento familiar.

e) Informe de vida laboral.

7. De acordo co previsto no artigo 51.3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, precísase autorización para que o órgano de resolución poida acceder aos datos, da persoa solicitante e das persoas que integran a unidade familiar e que sexan parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao, relativos a ingresos e patrimonio contidos nos seguintes documentos:

a) Declaración da renda ou datos fiscais relativos ao último exercicio.

b) Certificado de importes por prestacións de desemprego.

c) Certificado das prestacións e importes que figuran no Rexistro de Prestacións Sociais Públicas.

d) Certificado da titularidade catastral de bens inmobles.

e) Consulta de datos dos ou das condutores/as.



De non autorizarse a consulta dos anteriores documentos, deberá achegarse unha copia daqueles.

Artigo 78. Emenda da solicitude

1. De conformidade co establecido no artigo 51.4 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, no caso de que a solicitude non reúna os requisitos exixidos no artigo 76 ou falte calquera documento preceptivo dos mencionados no artigo 77, que deba chegar a persoa solicitante, o órgano competente da Administración autonómica de ámbito provincial competente para a instrución do procedemento requirirá a persoa solicitante para que nun prazo de 10 días achegue os documentos preceptivos requiridos ou emende a falta, con indicación de que, se así non o fixer, se terá por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución, segundo o establecido no artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Así mesmo, o órgano competente poderá recadar da persoa solicitante a modificación ou mellora voluntarias da solicitude nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 79. Instrución do procedemento

1. Corresponde ao órgano da Administración autonómica de ámbito provincial competente en materia de inclusión social e prestacións a instrución e a tramitación do procedemento. Unha vez recibido o expediente, procederá a asignarlle a numeración que se estableza no sistema de información utilizado para a tramitación e explotación da base de datos. A dita numeración indicará o código provincial, o código de residencia, o código secuencial xerado automaticamente polo sistema e o ano a que corresponda o expediente. Ademais conterà, se é o caso, a data de rexistro de entrada no concello de que se trate e/ou a data de rexistro de entrada no órgano da Xunta de Galicia competente para resolver. Así mesmo, dentro dos dez días seguintes á recepción da solicitude, efectuará a comunicación de inicio do procedemento a que se refire o artigo 21.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Co consentimento expreso das persoas interesadas de conformidade coa normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal cando así o exixa, poderá recadar o órgano de tramitación a información adicional que considere necesaria para a adecuada estimación dos ingresos ou recursos económicos da unidade de convivencia e, en xeral, para completar o expediente, dirixíndose aos organismos públicos ou privados correspondentes, xa sexa a través de acceso directo a bases de datos por medios informáticos ou cursando o correspondente oficio.

2. Así mesmo, poderán requirir á persoa solicitante co fin de que achegue calquera outra documentación que se considere necesaria para a resolución do expediente e/ou a realización de actos de trámite pola persoa interesada. De non se remitir a dita documentación e/ou a non realización dos devanditos actos de trámite, sempre que sexan necesarios para resolver, no prazo establecido, e transcorridos tres meses, producirase a caducidade e o arquivamento do expediente, de conformidade co previsto no artigo 95.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.



3. En calquera caso, garántese a confidencialidade dos datos obtidos na tramitación dos expedientes, de conformidade coa lexislación vixente.

4. Na tramitación dos expedientes gardarase a orde rigorosa de incoación, salvo que polo titular da unidade administrativa competente para a tramitación do procedemento se dea orde motivada en contrario, da que quede constancia nos termos do artigo 71.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, especialmente no suposto dun procedemento xudicial de desafuzamento ou de axudas que repercutan sobre as persoas menores.

Artigo 80. Informes preceptivos e determinantes emitidos polos servizos sociais comunitarios básicos do concello

De acordo co previsto nos artigos 47.3 e 51 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, dentro dos trámites de instrución do procedemento, o concello completará o expediente coa achega dos seguintes documentos, regulados nos artigos seguintes:

- a) Informe social con proposta de idoneidade da axuda solicitada.
- b) Proposta de proxecto de traballo social ou socioeducativo, salvo nos casos en que non sexa necesario.

Artigo 81. Emisión da documentación preceptiva polo concello

1. Conforme o previsto no artigo 51.6 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, en todo caso, como trámite previo á instrución do procedemento de solicitude, o traballador ou a traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos do concello de residencia emitirá o informe social con proposta de idoneidade da axuda solicitada, que para os efectos deste procedemento terá a consideración de informe preceptivo e determinante para a tramitación da solicitude, aínda que non vinculante para a súa resolución, así como calquera outro informe ou documento que sexa necesario para a valoración do expediente e a resolución que proceda.

Para estes efectos, considerarase documento necesario o proxecto de traballo social ou socioeducativo, coa excepción prevista no artigo 67.

2. De acordo co disposto no artigo 51.8 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, o traballador ou a traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos deberá emitir e remitir os informes anteriormente referidos, no prazo dun mes desde a data de entrada no concello do requirimento do órgano de ámbito provincial da Administración autonómica competente para resolver, ou desde a entrada da solicitude en calquera dos rexistros situados nas dependencias do concello de residencia da persoa solicitante da axuda, sen prexuízo do disposto nos artigos 80.4 e 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

De non remítilos no prazo indicado por causas non imputables á persoa solicitante, esta poderá presentar unha reclamación ao órgano de dirección da Xunta de Galicia competente en inspección de servizos sociais, sen prexuízo das responsabilidades en que se incorra pola demora de acordo co ordenamento xurídico.



Artigo 82. Informe social

1. Conforme o previsto no artigo 51.7 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, o informe social realizarase seguindo o modelo aprobado como informe social de inclusión (ISI). O traballador ou a traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios básicos tomará en consideración as circunstancias da persoa en relación cos criterios para a valoración da situación de exclusión social ou de risco de exclusión social, o cumprimento dos requisitos de acceso, así como as características da situación concreta de necesidade ou emerxencia en que se fundamentará a solicitude, logo da preceptiva visita domiciliaria. Así mesmo, a valoración social contida no informe concluirá cunha proposta sobre a idoneidade e a procedencia ou non da concesión da axuda de inclusión social.
2. Deberá ter, como mínimo, os contidos que se recollen expresamente neste decreto no título I relativo á regulación da Risga, no que se refire ao informe social.

Artigo 83. Convenios cos concellos

Conforme o previsto no artigo 51.9 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, sen prexuízo da tramitación ordinaria regulada neste artigo, a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios cos concellos coa finalidade de que estes asuman a xestión única destas axudas, logo da transferencia de crédito que corresponda.

Para estes efectos, as condicións e os requisitos para asumir a xestión das axudas polos concellos estableceranse regulamentariamente e deberá garantirse, como mínimo, o cumprimento de todas e cada unha das condicións e requisitos establecidos nos artigos do título II.

Artigo 84. Resolución

Conforme o previsto no artigo 52, números 1, 2 e 3, da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. Unha vez finalizada a instrución do expediente, a xefatura territorial da consellería competente en materia de asistencia social ditará a resolución, que deberá ser notificada no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para tramitar, na cal deberá pronunciarse necesariamente sobre o importe da axuda e a finalidade concreta que se pretende atender con ela.

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que conste na solicitude. Estes avisos



non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación, electrónica ou en papel.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público e autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. O dito prazo poderase suspender nos supostos en que sexa necesario requirir documentación complementaria á persoa interesada, ou a realización de calquera trámite preceptivo pola súa parte, e tamén pola petición dos informes preceptivos e determinantes que deben emitir os servizos comunitarios do concello de residencia da persoa solicitante, nos termos sinalados polos artigos 22.1 e 80.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Entenderanse desestimadas aquelas solicitudes de concesión das axudas de inclusión social nas cales non se notificase resolución expresa no prazo de dous meses desde a entrada da solicitude da axuda en calquera dos rexistros do órgano competente para resolver, e entenderase interrompido o dito prazo se concorren as causas de suspensión anteriormente descritas.

Artigo 85. Xustificación das axudas

1. A xustificación do gasto obxecto das axudas realizarase da seguinte forma:

a) Cando se trate de axudas vinculadas ao uso da vivenda, co correspondente recibo ou documento acreditativo da débeda, asinado pola persoa titular da vivenda ou pola entidade subministradora, segundo corresponda.

b) Cando se trate de axudas vinculadas á mellora da habitabilidade da vivenda habitual e para a adquisición de equipamento mobiliario básico da vivenda, coa factura en que deberá constar a identificación do equipamento, mobiliario, material subministrado, servizo prestado ou obra realizada, que deberá coincidir co obxecto do orzamento de gastos presentado xunto coa solicitude da axuda.

c) Cando se trate de axudas para necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico cun informe do órgano xestor ou do traballador/a social de referencia dos servizos sociais comunitarios en que se faga constar que a axuda solicitada se destinou á finalidade para a cal foi concedida, así como unha declaración responsable da persoa beneficiaria. Para estes efectos teranse en conta os documentos que consten no expediente.



d) Cando se trate de gastos causados por actuacións complementarias e de acompañamento vinculadas aos itinerarios de inclusión social e formación e derivados de procesos de axuste persoal, constará no expediente un informe acreditativo da realización dos gastos para os cales foi concedida a axuda, emitido polos órganos competentes para realizar o seguimento do proceso de inclusión social da persoa beneficiaria.

2. En todo caso, exixirase un informe emitido polo órgano instrutor en que conste que da información contida en cada expediente se desprende que a persoa á cal se lle concedeu a axuda reúne todos os requisitos necesarios para a súa percepción.

Artigo 86. Prazo de xustificación das axudas

1. No suposto das axudas vinculadas con obras de mellora da habitabilidade da vivenda, previstas no artigo 68.1.b), as obras deberán estar rematadas no prazo dun ano, contado a partir do momento da data de comunicación da resolución de concesión.

2. Nos demais tipos de axudas, a xustificación deberá achegarse no prazo de tres meses desde a comunicación da resolución de concesión, salvo que, con carácter excepcional, a persoa á cal se lle concede á axuda acredite a imposibilidade de presentar a xustificación nos prazos establecidos neste artigo, para o cal o órgano da Administración autonómica de ámbito provincial competente para resolver poderá conceder unha prórroga ata un prazo máximo de tres meses.

Artigo 87. Pagamento das axudas

1. Conforme o previsto no artigo 52.4, da Lei 10/2013, do 27 de novembro, con carácter xeral, e co fin de garantir a súa aplicación finalista, as axudas serán aboadas directamente, en nome do beneficiario ou beneficiaria, á persoa, entidade ou empresa que realice a prestación ou o servizo a favor deles.

Para estes efectos, para facer efectivo o pagamento, coa resolución de concesión achegarase un modelo de documento que deberá ser cuberto e asinado pola persoa, entidade ou empresa subministradora e pola persoa beneficiaria da axuda.

2. De conformidade co establecido no artigo 52.6 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, non obstante o anterior, as axudas para necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico, poderanse aboar á persoa beneficiaria directamente. Cando estas axudas superen a contía dun terzo do seu límite máximo, aboaranse en dous ou máis pagamentos fraccionados, cunha periodicidade mínima mensual.

Para estes efectos, os pagamentos poderán facerse en meses consecutivos ou alternativos, ata un límite máximo de catro.

3. Conforme o previsto no artigo 52.5, da Lei 10/2013, do 27 de novembro, así mesmo, as axudas de inclusión social poderanse aboar anticipadamente, de maneira total ou fraccionada, nas porcentaxes que considere procedentes o órgano de resolución en atención ás circunstancias de cada caso.



Para estes efectos, considerarase que procede o anticipo cando concorran circunstancias excepcionais que requiran unha actuación urxente ou necesaria para a atención da situación obxecto da axuda. O pagamento do anticipo, total ou fraccionado, poderá facerse en todas as tipoloxías de axudas de inclusión social e directamente á entidade ou persoa provedora do servizo, nos casos en que proceda, coa presentación previa do orzamento correspondente.

4. O pagamento das axudas realizarase mediante ingreso na conta corrente que se faga constar na solicitude ou documento asinado pola empresa, entidade ou persoa provedora. No suposto das axudas para necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico deberá figurar como titular da conta bancaria a persoa á cal se lle concedeu a axuda. Nos demais casos, a transferencia efectuarase á conta da entidade ou empresa que realice a prestación, servizo ou obra a favor daquela. En todo caso, no momento da realización da transferencia bancaria deberá quedar perfectamente xustificado que a axuda se destinou á finalidade para a cal foi concedida.

5. Estas axudas estarán suxeitas a un control a posteriori que se realizará mediante visita de inspección, nos casos que proceda, dos servizos competentes.

Artigo 88. Pagamento a entidades de iniciativa social

1. Conforme o previsto no artigo 52.7 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, as axudas de inclusión social poderán aboarse ás entidades de iniciativa social debidamente rexistradas no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais reguladas polo Decreto 254/2011, do 23 de decembro, que asinen un convenio de colaboración coa Administración competente para actuar como entidade intermediaria para o adianto dos fondos ás persoas beneficiarias nos casos de maior urxencia.

2. Para estes efectos, o procedemento especial para aboar as axudas de inclusión social ás entidades de iniciativa social para o adianto dos fondos ás persoas beneficiarias establecerase regulamentariamente e deberá garantirse, como mínimo, o cumprimento de todas e cada unha das condicións e requisitos establecidos nos artigos do título II.

Artigo 89. Revogación das axudas

De conformidade co disposto no artigo 52.8, da Lei 10/2013, do 27 de novembro, en todo caso, a resolución de concesión da axuda de inclusión social poderá ser revogada no suposto de que non se realicen as obras, non se reciba a subministración ou o servizo ou non se destine ao fin solicitado, a través da incoación de oficio dun procedemento cos principios e as garantías procesuais establecidos na normativa reguladora dos procedementos das administracións públicas e sen prexuízo de que, cando proceda, se inicie o correspondente procedemento de reintegro de indebidos. Para estes efectos, os órganos competentes para resolver da Administración autonómica de ámbito provincial poderán realizar as actuacións de verificación que consideren necesarias, para o que tamén poden requirir a colaboración do traballador ou da traballadora social de referencia dos servizos sociais comunitarios do concello de residencia.



Artigo 90. Impugnación

De acordo co establecido no artigo 53, da Lei 10/2013, do 27 de novembro:

1. Contra as resolucións ditadas polas xefaturas territoriais da consellería competente en materia de asistencia social poderase interpor recurso de alzada, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou, no suposto de notificacións infrutuosas, desde a publicación dun anuncio no Boletín Oficial del Estado, ante o titular do órgano administrativo superior da Xunta de Galicia competente en materia de asistencia social.
2. O recurso poderase interpor ante o órgano que ditase a resolución ou ante o órgano competente para resolvelo, de acordo co previsto no artigo 121.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
3. A resolución do recurso de alzada porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa.

TÍTULO III Control e seguimento

Artigo 91. Órganos de control e seguimento

De acordo co disposto no artigo 81 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, o control e o seguimento da aplicación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social realizarase no Consello Galego de Benestar Social regulado no artigo 40 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Disposición derogatoria única. Derrogación normativa

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango contradigan o disposto neste decreto e, en especial, o Decreto 374/1991, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social no relativo á renda de integración social de Galicia; o Decreto 375/1991, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, no relativo ás axudas para situacións de emerxencia social e os números 2 e 7 do artigo 26, no relativo á competencia da consellería en materia de servizos sociais na acreditación da situación de exclusión social da unidade de convivencia do Decreto 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais.



Disposición derradeira primeira. Modelos de documentos para a tramitación

1. Apróbanse os seguintes modelos de documentos:

A. Para a tramitación da Risga:

a) Solicitude (anexo I).

b) Comprobación de datos das persoas que integran a unidade familiar e das que sexan parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao (anexo II).

c) Comprobación de datos dos e das familiares con obriga legal de prestar alimentos (pais e nais, fillos/as e irmáns/ás), logo de constancia do consentimento de cada un/unha destes familiares para o tratamento dos seus datos persoais e coa excepción prevista no artigo 19 (anexo III).

d) Autorización á presentación electrónica da solicitude e demais documentación por parte de persoal empregado público (anexo IV).

e) Proxecto de integración social (anexo V).

f) Acordo para a integración socioeducativa dos ou das menores (anexo VI).

g) Convenio de inclusión sociolaboral (anexo VII).

B. Para a tramitación das Ais:

a) Solicitude (anexo VIII).

b) Comprobación de datos das persoas que integran a unidade familiar e das que sexan parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao (anexo II).

c) Autorización para a presentación electrónica da solicitude e demais documentación por parte de persoal empregado público (anexo IV).

d) Proxecto de traballo social ou socioeducativo vinculado ás axudas de inclusión social (anexo IX).

2. Os modelos normalizados contidos nos anexos I, II, III, IV e VIII, aplicables na tramitación dos procedementos regulados nesta disposición, poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente. Para estes efectos, será suficiente, logo de aprobación do órgano competente, a publicación destes modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles para todas as persoas interesadas.

Disposición derradeira segunda. Desenvolvemento normativo



Facúltase a persoa titular da consellería con competencias en materia de política social para ditar os actos necesarios para o desenvolvemento deste decreto.

Os modelos normalizados de tramitación, que se incorporan como anexos neste decreto, poderán ser modificados co obxecto de mantelos actualizados e adaptados á normativa vixente. Para estes efectos será suficiente, logo de aprobación do órgano competente, a publicación dos modelos adaptados ou actualizados na sede electrónica da Xunta de Galicia, onde estarán permanentemente accesibles a todas as persoas interesadas.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, trinta e un de xaneiro de dous mil dezanove

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Fabiola García Martínez

Conselleira de Política Social

ANEXO I

[documento]

ANEXO II

[documento]

ANEXO III

[documento]

ANEXO IV

[documento]

ANEXO V



[documento]

ANEXO VI

[documento]

ANEXO VII

[documento]

ANEXO VIII

[documento]

ANEXO IX

[documento]

